

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

*ORDE do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024 (código de procedemento TR301K).*

Esta orde, pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K para o período 2023-2025, ten por obxecto concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no relativo aos criterios que rexerán a concesión de axudas para realizar cursos de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas.

Ao abeiro das bases reguladoras establecidas nesta orde aprobaranse, de ser o caso, as sucesivas convocatorias para o período indicado.

A formación profesional para o emprego é un instrumento substancial para garantir a formación ao longo da vida laboral, a adaptación das persoas traballadoras e das empresas a unha economía baseada no coñecemento, o mantemento da capacitación profesional en casos de cambios nos procesos produtivos, así como para mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras para facilitar o mantemento e a estabilidade do emprego e a inserción laboral.

A Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, estableceu un marco normativo que trata de consolidar no sistema produtivo unha cultura de formación profesional favorecedora da creación de emprego estable e de calidade.

A dita lei regula a planificación e o financiamento do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como a programación e execución das accións formativas, o seu control e seguimento, o réxime sancionador e o sistema de información, avaliación, xestión da calidade e gobernanza.

Entre as iniciativas de formación para o emprego que regula a dita lei, considérase a oferta formativa das administracións competentes para persoas traballadoras desempregadas, que inclúe os programas de formación dirixidos a cubrir as necesidades formativas detectadas.



O Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, detalla, entre outros aspectos, o procedemento que se deberá seguir na planificación e avaliación do sistema, as accións formativas e áreas prioritarias, as modalidades e límites de impartición, e as diferentes persoas destinatarias da formación. En concreto, no seu capítulo IV regúlase a oferta formativa para persoas traballadoras desempregadas.

A Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, regula a iniciativa de oferta formativa das administracións públicas para persoas traballadoras desempregadas. A posterior publicación da Orde TES/1109/2020, do 25 de novembro, modificou a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

En relación coas accións formativas referenciadas no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, estas correspóndense co ámbito da formación profesional para o emprego, competencia do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Coa publicación no BOE do 5 de outubro de 2022 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, regulouse a oferta formativa do sistema de formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais efectuada polas administracións competentes, e establecéronse as bases reguladoras e as condicións para o seu financiamento.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, determina as ofertas formativas, tanto de ámbito estatal como autonómico, dirixidas á adquisición da cualificación e competencias profesionais recollidas nos correspondentes certificados de profesionalidade. Esta oferta formativa poderase realizar pola totalidade dos módulos formativos asociados ao certificado de profesionalidade, ou ben por módulos formativos, ofertados de modo independente, asociados a cada unha das unidades de competencia que comprenda o certificado e para os efectos de favorecer a acreditación das ditas unidades.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, ten por obxecto e finalidade a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional e a regulación dun réxime de formación e acompañamento



profesionais que, potenciando a competitividade e a sustentable da economía española, sexa quen de dar resposta flexible aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais, tanto as dirixidas ao aumento da produtividade como as orientadas á xeración de emprego.

A oferta de formación profesional debe responder á necesidade de brindar á cidadanía oportunidades de mellora das súas capacidades e aptitudes ao longo de todo o seu ciclo laboral. Neste sentido, a formación profesional constitúe un sistema integrado que recolle dous tipos de oferta formativa:

- A formación profesional do sistema educativo.
- A formación profesional para o emprego (na cal se inclúen os certificados de profesionalidade obxecto desta convocatoria).

Ambas as formacións permiten adquirir e acreditar competencias profesionais recollidas e reguladas no marco do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

A disposición derogatoria única da Lei orgánica 3/2022 derroga a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, así como cantas disposicións da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, se opoñan ao establecido na dita lei.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do Decreto 69/1993, do 10 de marzo, asume as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional para o emprego.

O Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, atribúe á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación as competencias relativas á formación profesional para o emprego.

Esta disposición axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 5.2, relativo aos seus principios xerais, establece que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos cales se axusta esta dis-



posición. Tamén será de aplicación o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado, incluíndo aqueles de carácter básico que son de aplicación na normativa desta comunidade autónoma e, en consecuencia, a esta orde.

Como novidades desta orde de bases reguladoras, cómpre salientar a reorganización e reconfiguración do texto normativo para homoxeneizar a súa estrutura coa doutras ordes da consellería dirixidas á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para impartir formación para o emprego; a adaptación do seu articulado aos cambios da normativa estatal; a reformulación dos criterios de avaliación técnica, reserva de créditos e fixación de determinados límites na adxudicación das axudas, así como, finalmente, un maior detalle e concreción de determinados procesos para os efectos de clarificar dúbidas e simplificar actuacións.

Así mesmo, en aplicación do disposto no artigo 84 do texto consolidado da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, no cal se establece que se entenderá que, entre outras, terán relación coas finalidades da iniciativa galega de concellos emprendedores aquelas destinadas á formación de persoas traballadoras desempregadas, inclúese, na epígrafe de avaliación técnica das solicitudes presentadas, un criterio de baremación que puntúa esta tipoloxía de actuacións e iniciativas que se realizarán estes concellos.

A concesión e xustificación das subvencións concedidas realizarase a través do réxime de módulos económicos. Para os efectos de aplicar o dito réxime de módulos, a determinación da contía dos módulos económicos específicos das distintas especialidades formativas que se van ofertar establecerase na correspondente convocatoria e de acordo co disposto no artigo 3 e no anexo I da Orde EFP/942/2022.

O cálculo do importe dos módulos específicos efectuarase conforme criterios obxectivos en atención aos valores medios de mercado dos distintos compoñentes dos custos directos e indirectos da actividade formativa, en función da familia profesional, área profesional ou especialidade formativa, así como da modalidade de impartición.

Consecuentemente con todo o anterior, logo de consultar a Federación Galega de Municipios e Provincias, o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Galego de



Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I  
**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerán, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto as convocatorias públicas como a execución das accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas), xestionadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (procedemento TR301K).

Poderán participar nas referidas accións formativas reguladas por esta orde aqueles colectivos que para tales efectos se determinan no artigo 26.

2. As bases reguladoras terán vixencia temporal para o período 2023-2025. Coa publicación desta orde realízase a súa primeira convocatoria para o período 2023-2024.

3. Para o exercicio das funcións que lles corresponden segundo estas bases reguladoras, as xefaturas territoriais poderán actuar a través das unidades administrativas competentes en materia de formación profesional para o emprego, das oficinas de emprego e dos centros de formación profesional para o emprego adscritos a elas.

Artigo 2. *Finalidade e principios que rexen a concesión das subvencións*

1. As subvencións que se concedan ao abeiro do disposto nesta orde de bases reguladoras terán como finalidade o financiamento de accións formativas destinadas á cualificación profesional das persoas traballadoras que poden participar nelas, e estarán dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais relacionadas cos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas, ás necesidades de adaptación aos cambios operados nos sectores produtivos e ás aspiracións de inserción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, de forma que as capacite para o desenvolvemento cualificado dunha profesión e lles permita mellorar a súa empregabilidade.



2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

### Artigo 3. *Financiamento*

Cada convocatoria determinará o importe total do crédito que se destinará á subvención das actividades de formación, con indicación das anualidades en que se distribuirá, as aplicacións orzamentarias a que se imputará, así como o financiamento e as reservas de crédito que, se for o caso, se establezan para determinadas familias e áreas profesionais, ou especialidades formativas.

### Artigo 4. *Convocatorias*

1. As accións formativas para as cales se pode solicitar financiamento mediante subvención serán as correspondentes a aquelas especialidades que en cada convocatoria se determinen, así como os módulos transversais que se impartan asociados a estas.

2. Cada convocatoria especificará as familias, áreas profesionais ou especialidades formativas que, de ser o caso, terán a consideración de prioritarias.

Unha especialidade formativa poderá estar priorizada, segundo se determine, para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ou a nivel provincial, comarcal ou municipal, e, nunha mesma convocatoria poderanse priorizar especialidades que inclúan distintos ámbitos territoriais.

3. As convocatorias poderán fixar, por entidade e/ou por número de censo, a contía máxima do crédito orzamentario global e/ou provincial que se pode obter como subvención, así como os posibles límites que se van aplicar sobre este tope.

Así mesmo, poderán exixir unha puntuación mínima, consecuencia da valoración técnica da solicitude, para que unha entidade poida ser beneficiaria da subvención.

4. Para cada número de censo poderase solicitar, como máximo, o número de edicións por especialidade que, de ser o caso, se determinen na correspondente convocatoria, na cal tamén poderán establecer excepcións ao dito límite. Así mesmo, poderanse fixar límites relativos ao número de edicións de especialidades formativas e/ou familias profesionais para impartir en cada bisbarra.



5. Cada convocatoria determinará o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes, así como o intervalo de datas autorizado para o comezo e remate das accións formativas e para a xustificación da súa realización.

Respecto ao prazo de presentación de solicitudes, se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 5. *Entidades solicitantes*

1. Poderán solicitar e obter a condición de beneficiarias das subvencións ás cales se refiren estas bases as entidades que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados ou, de ser o caso, inscritos para impartiren formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia naquelas especialidades formativas para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial, de teleformación ou mixta.

De ser o caso, os centros presenciais vencellados a entidades acreditadas para impartiren especialidades formativas na modalidade de teleformación deberán estar homologados na correspondente especialidade na data de entrada en vigor da convocatoria e situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As entidades solicitantes deberán estar acreditadas ou inscritas, para impartiren a especialidade formativa, no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser o caso, que a formación se imparta total ou parcialmente na modalidade de teleformación, no correspondente Rexistro estatal.

3. As entidades deberán dispor, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, das instalacións debidamente acreditadas ou inscritas que permitan a impartición das actividades presenciais das accións formativas solicitadas.

Os centros presenciais vencellados a entidades acreditadas para impartiren especialidades formativas na modalidade de teleformación deberán estar homologados na correspondente especialidade na data de entrada en vigor da convocatoria e situados na Comunidade Autónoma de Galicia. Os ditos centros non se poderán modificar durante o desenvolvemento da acción formativa.



O acordo ou convenio de vinculación entre entidades de formación deberá estar formalizado e dado de alta no Rexistro de Centros e Entidades da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de resolución favorable da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, con anterioridade á presentación da solicitude de subvención.

4. O incumprimento por parte da entidade solicitante do requisito de acreditación ou inscrición en prazo para algunha das especialidades formativas solicitadas dará lugar das exclusión de ditas accións formativas da solicitude.

5. As entidades beneficiarias poderán facer uso da aula virtual, nos termos establecidos nesta orde e nas instrucións que ao respecto publique a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

6. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde aquelas nas cales concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 7.6 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

A xustificación por parte das entidades solicitantes de non estaren incursas en ningunha das ditas circunstancias, realizarase mediante unha declaración responsable incluída no modelo de solicitude definido no anexo II de cada convocatoria, cuxo contido deberá respectar o que establece o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como referirse á capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, e de aulas, obradoiros e instalacións en xeral, para asumir a xestión da totalidade dos cursos que solicita, que dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá á disposición da administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

7. As accións formativas incluídas nas solicitudes que presentarán as entidades e o número de accións formativas deberán aliñar a oferta formativa que se prevé impartir coa demanda de formación do mercado laboral e do potencial alumnado a que van dirixidas.

8. Será requisito para conceder subvencións a entidades locais titulares de entidades ou centros de formación que cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.





**CAPÍTULO II****Inicio do procedemento. Presentación e tramitación das solicitudes de subvención****Artigo 6. *Forma e lugar de presentación das solicitudes***

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO, anexo II, accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude ou a documentación presencialmente, será requirida para que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados nas bases reguladoras e/ou a correspondente convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

No caso de que o requirimento afecte só algunha das accións formativas da solicitude, entenderanse como desistidas unicamente tales accións, e continuarase a tramitación da solicitude.

Non se admitirán a trámite e, por conseguinte, non existirá a posibilidade de emenda, as solicitudes presentadas fóra de prazo.

2. As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial en cuxa provincia se imparta a correspondente acción formativa.

No suposto de que a formación se imparta na modalidade mixta ou de teleformación, a solicitude deberá dirixirse á xefatura territorial da provincia en que estea localizado o centro en que se impartirá a parte presencial da acción formativa.

Cada entidade de formación poderá presentar unha única solicitude por provincia, e incluíra nela, dentro da súa capacidade real de execución e con respecto aos límites e requi-



sitos que se determinan nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria, todas e cada unha das accións formativas para as cales solicita subvención nos correspondentes centros de cada provincia.

Para os posibles efectos de desempate, as accións formativas para as cales se solicita subvención deberán ir ordenadas en función da prioridade de impartición que lles outorgue a entidade solicitante.

Non se poderán formular solicitudes de subvencións para impartir accións formativas que teñan previsto comezar nunha data anterior ao prazo ou data que, de ser o caso, se estableza para cada convocatoria.

3. A solicitude deberá presentarse acompañada da documentación complementaria relacionada no artigo 8 desta orde.

#### Artigo 7. *Declaración responsable que forma parte da solicitude*

1. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e na cal se farán constar os aspectos seguintes:

a) Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.

- De se solicitar e/ou conceder outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, deberán relacionarse estas.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

c) Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 7 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.



e) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que coñece as estipulacións desta orde, que cumpre cos requisitos sinalados nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

g) Que os lugares e as modalidades de impartición das accións formativas serán aqueles para os que están acreditadas ou inscritas para tal fin, e que son aptos e cumpren e manterán as condicións e os requisitos que exige a normativa aplicable á correspondente especialidade formativa, nomeadamente, a obriga de impartir a formación nos espazos e cos medios formativos inscritos para tal fin, así como a de manter as exigencias técnico-pedagóxicas, de instalacións, equipamento e medios humanos e tecnolóxicos tidos en conta para a acreditación ou inscrición da especialidade.

h) Que a entidade conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como, de ser o caso, de aulas, obradoiros e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas que solicita.

i) Que, na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, no caso de que se solicite impartir máis dunha especialidade por aula física, esta dispón dos medios exixidos e cumpre cos requisitos establecidos para impartir as especialidades solicitadas.

j) Que a entidade dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores aspectos e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

k) Que, de ser o caso e de acordo co disposto no artigo 21.10 desta orde, as pegadas dixitais do alumnado e persoal docente, rexistradas pola propia entidade formadora para o seguimento e control das actividades formativas presenciais ou daquelas outras actividades en que expresamente se estableza, se corresponden coas das persoas que din ser.

2. A presentación dunha declaración responsable que falsee ou oculte circunstancias que impidan ou limiten a concesión da subvención ou o seu pagamento, así como que alteren a puntuación obtida na baremación, terá a consideración dunha infracción moi grave



nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Coa finalidade de garantir o veracidade das declaracións responsables contidas neste artigo, poderán realizarse comprobacións durante calquera das fases do procedemento por parte do persoal técnico das xefaturas territoriais, das cales poderán derivar, de ser o caso, as consecuencias sinaladas neste punto para os supostos de falseamento do contido das declaracións responsables.

#### Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo II, a seguinte documentación:

a) Ficha das accións formativas que se solicitan, anexo III.

b) Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

c) De ser o caso, acreditación documental vixente, emitida por entidade certificadora acreditada, de que a entidade dispón, en todos ou en parte dos centros de formación en que solicita impartir accións formativas, dun ou de varios dos sistemas de xestión de calidade, seguridade, xestión ambiental e/ou responsabilidade social, relativos á súa actividade de formación profesional para o emprego, de entre os recollidos no artigo 14.1.f) desta orde.

A norma ou certificado concreto acreditado para cada centro de formación especificarase na ficha da acción formativa.

d) De ser o caso, acreditación documental de que a entidade dispón dun plan de igualdade:

- Para as empresas que contratasen persoal na Comunidade Autónoma de Galicia nun número inferior a 50 persoas traballadoras de media nos seis meses anteriores á data de entrada en vigor desta orde, acreditación documental de que a empresa solicitante dispón, de ser o caso, dun plan de igualdade de xénero en vigor e inscrito no correspondente



registro, ou acreditación de telo presentado, estando pendente de resolución, para a súa inscrición no registro na data límite de presentación da solicitude.

- Para as empresas que contratasen persoal na Comunidade Autónoma de Galicia nun número igual ou superior a 50 persoas traballadoras de media nos seis meses anteriores á data de entrada en vigor desta orde, acreditación de dispor dun plan de igualdade negociado, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e ter implantadas, cando menos, o 25 % das medidas previstas nel.

A acreditación do cumprimento da citada porcentaxe realizarase mediante a presentación dunha declaración responsable de ter implantadas un mínimo do 25 % das medidas previstas no plan de igualdade. A declaración estará asinada e deberá incluír unha memoria explicativa na cal se detallan as medidas do plan de igualdade xa implantadas e as pendentes de implantación, con indicación expresa da porcentaxe de medidas previstas implantadas en relación co total de medidas que inclúe o plan.

e) De ser o caso, cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a certificados de profesionalidade, as entidades deberán achegar no anexo III o compromiso da subscrición do convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluído no certificado de profesionalidade.

f) De ser o caso, naquelas accións formativas en que estea previsto o uso de aula virtual como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, memoria explicativa detallada que acredite, de acordo co disposto no artigo 24.6 desta orde, a viabilidade de impartir mediante aula virtual aqueles contidos do programa formativo que estea previsto realizar utilizando este medio.

A memoria deberá indicar expresamente que contidos se impartirán mediante aula virtual, a súa duración e datas de realización, así como o calendario de sesións presenciais e de exames que se van realizar.

g) De ser o caso, xustificación documental de ter cumprido co compromiso de inserción laboral na execución das accións formativas concedidas nas convocatorias correspondentes do procedemento TR301K.



O cumprimento do compromiso de inserción deberá acreditarse de maneira fidedigna por calquera medio válido xuridicamente, por exemplo a través dunha declaración responsable en que se indique o NIF da ou das empresas onde se inseriu o alumnado durante os 12 meses seguintes ao remate da acción formativa correspondente ou, cando proceda, a alta no réxime de persoas traballadoras autónomas.

No suposto de que o 100 % do alumnado que se propuxo inserir laboralmente sexan persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente, con esta documentación xuntarase unha declaración responsable asinada de que o 100 % das persoas inseridas son persoas con discapacidade.

h) Xustificación documental de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio a que estean obrigadas segundo o establecido no artigo 223 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no caso de tratarse de entidades locais.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

## 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de ma-



neira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. A documentación complementaria, tanto a presentada na solicitude como noutras fases do procedemento, achegarase electronicamente mediante a presentación do documento orixinal, de se tratar dun documento dixital, ou da imaxe electrónica do documento orixinal, de se tratar dun documento en papel. Neste último caso, a imaxe electrónica adaptase ao previsto no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica, e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

4. As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou gradación de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figuren no documento de orixe e a súa xeración realizarase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que acheguen as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia, exclusivamente, no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal por un prazo de cinco (5) anos desde a presentación da imaxe electrónica.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada neste artigo.



A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os correspondentes documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Trámites posteriores á presentación da solicitude e documentación complementaria*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación





informática SIFO, e deberá adecuarse a presentación da documentación derivada das notificacións efectuadas pola Administración ao disposto no artigo 11.6 desta orde.

#### Artigo 11. *Réxime das notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal

Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a administración xeral e o sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



6. A presentación de documentación derivada das notificacións efectuadas será realizada exclusivamente mediante o programa informático SIFO ou, de ser o caso, a través do programa de notificación xenérico do aplicativo FORMAN, <https://emprego.xunta.es/forman>, que disporá dun punto único para efectuar todos os envíos de documentación á administración.

Unicamente no caso de que non sexa posible, por problemas técnicos acreditados que imposibiliten a presentación de documentación polos medios establecidos no parágrafo anterior, a persoa interesada podería realizar a súa presentación por medio dos trámites comúns da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, a través do procedemento PR004A.

#### Artigo 12. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

### CAPÍTULO III Instrución e resolución do procedemento

#### Artigo 13. *Procedemento*

1. Os órganos instrutores do procedemento serán os servizos de Formación para o Emprego e Orientación de cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, correspondentes á provincia do enderezo do centro de formación onde se vai impartir a formación presencial.

Recibidas as solicitudes, procederase ao seu estudo e revisión.

2. A relación dos expedientes que cumpren os requisitos para a baremación reflectirá a inclusión dos expedientes completos na aplicación informática SIFO e será remitida por cada órgano instrutor, xunto co informe técnico emitido pola xefatura territorial, á Comisión



Central de Valoración, para que poida proceder ao seu estudo conxunto e informe nunha única fase.

3. A Comisión Central de Valoración estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e serán vogais as persoas responsables das xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, a persoa titular do Servizo de Planificación da Formación para o Emprego.

Cada compoñente poderá incorporar persoas asesoras e técnicas expertas na materia, que non terán a condición de membros da Comisión.

Se por calquera causa, no momento en que a Comisión Central de Valoración teña que reunirse para examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non pode asistir, será substituída pola persoa que para tales efectos designe a persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

4. Á vista dos informes técnicos emitidos polas xefaturas territoriais e dos criterios de avaliación técnica establecidos no artigo 14 desta orde, a Comisión Central de Valoración dará conformidade, de ser o caso, aos informes técnicos emitidos polas xefaturas territoriais.

Do resultado da reunión emitirase unha acta, que incluírá os anexos coas puntuacións obtidas en cada provincia polas accións formativas que cumpran cos requisitos para seren avaliadas.

5. Unha mesma entidade beneficiaria non poderá ser adxudicataria de accións formativas que, na modalidade presencial ou na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, superen o número máximo de horas diarias de impartición establecidas para unha acción formativa, ou que solapen en períodos de tempo coincidentes o uso dunha mesma aula física para a realización de accións formativas distintas.

6. Nas accións formativas impartidas na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, ou cando a formación se desenvolva mediante aula virtual, o número de horas por acción formativa non poderá superar as 5 horas por día nin as 25 horas semanais.

Na modalidade de teleformación, o límite máximo de horas de formación que se vai programar por mes será de 120. Este número de horas reducirase proporcionalmente no caso



de que a formación non se imparta a mes completo; para efectos de realizar este axuste, consideraranse meses de 30 días.

Nas prácticas non laborais o límite será de 8 horas por día e de 40 horas semanais.

Logo da notificación da resolución de concesión das subvencións, a xefatura territorial competente, de maneira excepcional e mediante resolución motivada, especialmente naqueles casos derivados de necesidades de recalendarización ou reprogramación horaria da acción formativa como consecuencia da ausencia de alumnado, así como por mor de atrasos na notificación da resolución de concesión da subvención, poderá ampliar o referido límite de horas diarias e semanais ata un máximo de 7 horas por día e 35 horas semanais. Esta resolución deberá comunicárselle á entidade beneficiaria.

7. Os servizos de Formación para o Emprego e Orientación das xefaturas territoriais, á vista do contido da acta e dos anexos emitidos pola Comisión Central de Valoración, elaborarán a proposta das accións formativas que serán obxecto de concesión da subvención.

A proposta xerarase en función da puntuación obtida, dos límites establecidos e do proceso de selección por comarcas que se detalla no anexo I, proceso que deberá ter en consideración a porcentaxe de persoas desempregadas por comarca sobre o total de persoas desempregadas na correspondente provincia respecto á última enquisa da cal se teñan datos.

En calquera caso, o procedemento de selección garantirá que en cada unha das comarcas da provincia en que existan solicitudes que superen o mínimo de puntuación establecida se seleccione, cando menos, unha acción formativa dirixida á impartición de competencias clave, e outra correspondente á realización dunha especialidade formativa conducente á obtención dun certificado de profesionalidade.

8. Nos supostos en que no referido procedemento de selección das accións formativas se esgote o crédito dalgunha anualidade orzamentaria da correspondente convocatoria, entenderase que se poderán seleccionar as accións formativas para seren impartidas noutro exercicio orzamentario diferente do solicitado, salvo que na súa solicitude a entidade manifeste expresamente que non se acepta cambio de anualidade, caso en que se entenderá que desiste da súa solicitude de axuda para a acción formativa afectada, polo que quedará excluída da selección con independencia da puntuación obtida.



9. Á vista das propostas emitidas polos respectivos servizos de Formación para o Emprego e Orientación, o órgano competente ditará as resolucións correspondentes ao seu ámbito territorial.

10. De se produciren dispoñibilidades de crédito como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento das accións formativas, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, ou como consecuencia de posibles minoracións, renuncias ou modificacións nas subvencións concedidas, o órgano instrutor poderá realizar novas propostas de concesión de accións formativas continuando coa orde de prelación fixada pola Comisión de Valoración ata esgotar o novo crédito.

A subvención concederáselle á seguinte solicitude segundo a orde de prelación establecida no número 7, sempre que se liberase crédito abondo para atendela e que, no momento en que se produza, sexa posible a súa execución de acordo coas condicións da convocatoria e as normas de execución orzamentaria.

En ningún caso poderá concederse a subvención a unha solicitude que ocupe un lugar posterior na orde de prelación a outra que non se poida atender por resultar insuficiente o crédito dispoñible.

Nos supostos de que as dispoñibilidades de crédito se produzan como consecuencia de renuncias ás subvencións concedidas, aplicarase o referido procedemento, en primeiro lugar, só no ámbito da comarca en que se tiña programada a acción formativa obxecto de renuncia e, para o caso de que sigan existindo dispoñibilidades de crédito, seguirase o procedemento xeral.

11. No suposto de se opoñeren á consulta ou, de ser o caso, de non prestaren o consentimento expreso a que se refire o artigo 9 desta orde, as entidades deberán acreditar, tanto antes de ditarse a proposta de resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No suposto recollido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta obriga poderá ser substituída pola declaración responsable da persoa solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter penden-



te de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 14. *Criterios de avaliación técnica*

1. A avaliación das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Pola adecuación da acción formativa ás familias, áreas profesionais ou especialidades formativas consideradas prioritarias para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia: 25 puntos.

b) Pola adecuación da acción formativa ás familias, áreas profesionais ou especialidades formativas consideradas prioritarias para o territorio da bisbarra en que se impartan: 25 puntos.

As puntuacións correspondentes aos números 14.1.a) e 14.1.b) non poderán ser acumulativas.

c) Grao de execución das accións formativas concedidas á entidade de formación en convocatorias anteriores: ata 15 puntos.

A puntuación asignarase de acordo cos seguintes criterios e con respecto ás dúas últimas convocatorias do procedemento TR301K para as cales finalizase o prazo de execución das accións formativas:

I. Pola porcentaxe do número total de persoas alumnas formadas ou aprobadas en relación co número total de alumnado subvencionado na resolución de concesión da subvención, calculado, para cada entidade, sobre o total das accións formativas concedidas na correspondente provincia.

Para estes efectos, a consideración de alumnado formado e alumnado aprobado será a definida no artigo 36.3.II.a) desta orde.

Con base na porcentaxe obtida asignaranse as seguintes puntuacións:

- Inferior ao 50 %: 0 puntos.
- Entre o 50 e o 59,99 %: 2 puntos.



- Entre o 60 e o 69,99 %: 4 puntos.
- Entre o 70 e o 79,99 %: 6 puntos.
- Entre o 80 e o 89,99 %: 8 puntos.
- Igual ou superior ao 90 %: 10 puntos.

II. Pola porcentaxe de abandonos non xustificados producidos con respecto ao total de participantes das accións formativas executadas pola entidade.

A consideración de alumnado participante será a definida no artigo 36.3.II.a) desta orde.

Para os efectos de aplicación desta epígrafe entenderase como abandono xustificado, de acordo co disposto no artigo 37.2 desta orde, aquel que teña lugar por colocación de persoas traballadoras desempregadas ou aquel que sexa consecuencia dunha baixa por enfermidade ou accidente acreditado e sempre que, para calquera dos supostos citados, a persoa alumna realizase un mínimo do 10 % da acción formativa.

Porcentaxe de abandono:

- Igual ou superior ao 50 %: 0 puntos.
- Igual ou superior ao 30 % e inferior ao 50 %: 2,5 puntos.
- Inferior ao 30 %: 5 puntos.

d) Polo compromiso de inserción laboral do alumnado aprobado: ata 5 puntos.

En cada acción formativa solicitada para a correspondente convocatoria valorarase a porcentaxe que representa o alumnado que se propón inserir no mercado laboral, durante os seis (6) meses seguintes ao remate da acción formativa correspondente, ben como persoa traballadora por conta allea, ben como persoa traballadora autónoma ou outras modalidades de autoemprego con respecto ao total do alumnado aprobado, sempre que a contratación laboral se efectúe a xornada completa por un mínimo de seis (6) meses, ou polo tempo equivalente no caso de que a contratación non sexa a xornada completa ou que se trate dunha alta no réxime de persoas traballadoras autónomas.

Esta epígrafe non será obxecto de aplicación cando se trate de competencias clave.



A puntuación que se asignará será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$(5 \text{ puntos} * \% \text{ de alumnado que se propón inserir sobre o total de alumnado aprobado durante a acción formativa}) / 100.$

A consideración de alumnado aprobado será a definida no artigo 36.3.II desta orde.

A inserción deberá realizarse nunha ocupación relacionada coa familia profesional a que pertenza a especialidade formativa impartida. Non se considerarán inserción as baixas por colocación que tivesen lugar ao longo do curso, salvo que a persoa alumna rematase toda a formación teórica.

A acreditación da realización do compromiso de inserción efectuarase de acordo co disposto no artigo 8.1.g) desta orde.

O cumprimento do compromiso de inserción a que se refire esta epígrafe verificarase a través de datos obtidos das aplicacións electrónicas do Servizo Público de Emprego de Galicia e da aplicación informática SIFO.

e) Pola ruralidade da acción formativa: 5 puntos.

Esta puntuación aplicarase a aquelas accións formativas nas cales os centros de formación en que se impartirá a parte presencial do programa estean situadas en zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como grupos de áreas locais (AL) que non pertencen a zonas densamente poboadas (ZDP) ou zonas intermedias (ZIP).

O grao de ruralidade das zonas de Galicia será o definido polo Instituto Galego de Estatística en atención á densidade de poboación segundo a clasificación en ZPP, ZIP ou ZDP do grao de urbanización, atendendo ao GU 2016. Esta información pode ser consultada na seguinte páxina web do Instituto Galego de Estatística:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)

f) Pola capacidade acreditada do centro de formación para impartir a acción formativa: ata 5 puntos.

Esta puntuación desagregarase nas seguintes epígrafes:

I. Pola implantación no centro de formación, na data límite de presentación da solicitude, dun sistema ou modelo de calidade, vixente e certificado por entidades certificadoras





acreditadas, cuxo alcance inclúa expresamente a xestión da actividade de formación profesional para o emprego, norma ISO 9001 ou certificado de calidade e excelencia EFQM: 3 puntos.

II. Pola implantación no centro de formación, na data límite de presentación da solicitude, dalgunha das seguintes certificacións vixentes e certificadas por entidades certificadoras acreditadas: 1 punto por cada unha delas e ata un máximo de 2 puntos.

- Norma ISO 14001, en sistemas de xestión ambiental.
- Norma ISO 27001, en seguridade da información.
- Norma ISO 45001, seguridade e saúde no traballo.
- Norma SA 8000, en responsabilidade social.
- UNE 66181, xestión da calidade en teleformación.

A puntuación correspondente á acreditación da norma UNE 66181 unicamente será de aplicación naquelas accións formativas que se desenvolvan nas modalidades mixta ou de teleformación.

g) Polo compromiso de participación na acción formativa de colectivos considerados prioritarios: ata 5 puntos.

Para estes efectos terán a consideración de colectivos prioritarios os seguintes:

- Mulleres.
- Víctimas de violencia de xénero. Para estes efectos, entenderanse por vítimas de violencia de xénero aquelas que teñan tal consideración de acordo co disposto no artigo 1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Inclúense dentro do concepto de violencia de xénero, en aplicación da Lei 14/2021, do 20 de xullo, e da Lei 15/2021, do 3 de decembro, modificadoras ambas da Lei 11/2007, a violencia vicaria e a violencia dixital.

A acreditación da situación de violencia de xénero, ademais das formas previstas no Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción



sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, poderá acreditarse polas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo.

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas menores de 30 anos. Para estes efectos, calcularase a idade desde o día de inicio da acción formativa.
- Persoas emigrantes retornadas. Para estes efectos, terán a condición de persoas emigrantes retornadas as persoas demandantes de emprego con nacionalidade española e inscritas no Servizo Público de Emprego que acreditasen ante o dito servizo a estadía no estranxeiro para residir ou traballar por un período mínimo de tres (3) anos. Esta condición manterase durante os cinco (5) anos seguintes á data do retorno a España.

A puntuación por esta epígrafe asignarase segundo o seguinte criterio e en relación co total de persoas participantes certificadas na xustificación da acción formativa:

- Compromiso de participación menor do 50 %: 0 puntos.
- Compromiso de participación maior ou igual ao 50 % e inferior ao 60 %: 1 punto.
- Compromiso de participación maior ou igual ao 60 % e inferior ao 70 %: 2 puntos.
- Compromiso de participación maior ou igual ao 70 % e inferior ao 75 %: 3 puntos.
- Compromiso de participación maior ou igual ao 75 % e inferior ao 80 %: 4 puntos.
- Compromiso de participación igual ou superior ao 80 %: 5 puntos.

Se unha persoa participante reúne varias características que a encadran en diversos colectivos considerados prioritarios, unicamente se considerará que pertence a un deles.

h) Polo compromiso adquirido de que o 100 % das persoas participantes na acción formativa son persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente: 8 puntos.

i) Por dispor a entidade solicitante dun plan de igualdade: 3 puntos.



Para a obtención desta puntuación deberá acreditarse o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- Para as empresas que contratasen persoal na Comunidade Autónoma de Galicia, nun número inferior a 50 persoas traballadoras de media nos seis meses anteriores á data de entrada en vigor da orde, dispor dun plan de igualdade de xénero en vigor e inscrito no correspondente rexistro, ou acreditación de telo presentado, estando pendente de resolución, para a súa inscrición no rexistro na data límite de presentación da solicitude.

- Para as empresas que contratasen persoal na Comunidade Autónoma de Galicia, nun número igual ou superior a 50 persoas traballadoras de media nos seis meses anteriores á data de entrada en vigor da orde, dispor dun plan de igualdade negociado, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e ter implantadas, cando menos, o 25 % das medidas previstas nel.

j) Polo compromiso do uso do idioma galego na impartición da acción formativa: ata 3 puntos desagregados nas seguintes subepígrafes:

I. Atendendo á modalidade de impartición:

- No caso de que a acción formativa se desenvolva na modalidade presencial: polo emprego da lingua galega polo persoal docente durante o 100 % das horas lectivas de formación: 1,5 puntos.

- No caso de que a acción formativa se desenvolva na modalidade mixta ou de teleformación: polo emprego na modalidade presencial da lingua galega polo persoal docente durante o 100 % das horas lectivas de formación e pola dispoñibilidade da interface da plataforma de teleformación e a realización das titorías no idioma galego: 1,5 puntos.

II. Independentemente da modalidade de impartición, pola subministración ao alumnado da totalidade dos contidos didácticos, sexa en soporte de papel ou electrónico, en lingua galega: 1,5 puntos.

Para estes efectos, non se entenderán como material de contidos didácticos os folletos informativos ou manuais de instrucións redactados polos fabricantes ou subministradores de equipamento dos cales non exista versión en galego.



Para estes efectos, tanto a impartición como a achega do material de contido didáctico correspondente ás competencias de comunicación en lingua castelá, códigos de especialidade FCOV22 e FCOV02, deberán realizarse e entregarse en castelán e serán puntuadas con 3 puntos.

Así mesmo, cando se impartan conxuntamente as competencias de comunicación en lingua castelá, comunicación en lingua galega e competencia matemática, códigos de especialidade FCOV32 e FCOV33, no temario correspondente á competencia en lingua castelá, tanto a impartición como a entrega do material de contido didáctico deberán realizarse en castelán. Para obter a puntuación correspondente a esta epígrafe, a entidade deberá asumir o compromiso de que, no resto dos contidos incluídos no curso, tanto a impartición como a entrega do material de contido didáctico serán en idioma galego.

k) Polo compromiso da entidade de colaborar na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas ás cales ten dereito o alumnado desempleado que participe nas accións formativas (procedemento TR301V): 4 puntos.

Este compromiso concrétase nos seguintes puntos:

- Informar adecuadamente o alumnado, en tempo e forma, dos dereitos que teñen en canto á percepción de bolsas e axudas por asistir á actividade formativa, así como dos prazos para presentar a solicitude e da documentación necesaria.
- Formular a solicitude de subvención en concepto de bolsa e axuda en representación da persoa interesada, e remitir a documentación complementaria necesaria por medios electrónicos.
- Elixir a opción de notificación por vía electrónica, así como colaborar coa Administración na contestación aos requirimentos de corrección das solicitudes e, de ser o caso, actualizar dilixentemente, antes dos límites establecidos, a información para a tramitación e xestión das bolsas e axudas na aplicación informática SIFO.

Esta colaboración non substitúe as obrigas que nesta materia, segundo a normativa estatal e a correspondente convocatoria de bolsas e axudas de aplicación, teñen os centros e entidades de formación.

l) Por tratarse dun concello que teña a condición de «Concello emprendedor-Concello Doing Business» Galicia, segundo o disposto na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: 20 puntos.



A listaxe de concellos que posúen esta condición pode consultarse na seguinte ligazón:  
[https://galiciaempresa.xunta.gal/documents/51414/51728/Listado\\_gl.pdf?version=3.0](https://galiciaempresa.xunta.gal/documents/51414/51728/Listado_gl.pdf?version=3.0)

2. Serán obxecto de puntuación negativa os seguintes incumprimentos na execución das accións formativas concedidas en convocatorias anteriores:

a) Puntuaranse negativamente todas as accións formativas solicitadas por aquelas entidades que non cumpren o seu compromiso de inserción, nos termos dalgunha das tres (3) convocatorias previas e con cómputo dunha soa vez de cada incumprimento dunha convocatoria concreta, con ata -7 puntos.

No suposto de que a entidade asumise o compromiso de que o 100 % do alumnado que vai inserir sexan persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente, a puntuación negativa que se aplicará será de ata -8 puntos.

Para determinar a puntuación negativa que, de ser o caso, corresponda, aplicarase o seguinte criterio de cálculo sobre a totalidade das accións formativas executadas:

I. Calcúlase a porcentaxe de inserción neta respecto ao alumnado aprobado.

II. Ao resultado obtido réstaselle a porcentaxe de compromiso de inserción, que dará lugar á porcentaxe de penalización que se debe aplicar.

III. A porcentaxe de penalización multiplícase pola penalización máxima expresada en puntos, e o valor resultante será a puntuación de penalización.

b) Serán obxecto de puntuación negativa todas as accións formativas solicitadas por entidades que incumprisen o seu compromiso de colaboración na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas do alumnado, nos termos dalgunha das tres (3) convocatorias previas e con cómputo dunha soa vez de cada incumprimento dunha convocatoria concreta, con ata -5 puntos.

Non será de aplicación esta epígrafe cando a entidade comunique que o incumprimento da colaboración está motivado pola negativa das persoas alumnas a recibir o dito apoio na xestión da súa bolsa ou axuda. Para os efectos de acreditar esta negativa, deberá quedar constancia escrita asinada polo alumnado afectado en que se manifieste que rexeita a colaboración ofrecida pola entidade, caso en que non procederá ningunha minoración sobre a puntuación acadada.



Para determinar a puntuación negativa que, de ser o caso, corresponda, aplicarase o seguinte criterio de cálculo sobre a totalidade das accións formativas executadas e para o alumnado que inicia a acción formativa:

I. Calcúlase a porcentaxe do alumnado respecto do cal se incumpriu o compromiso de colaboración, en relación co número total de persoas alumnas que iniciaron as accións formativas executadas pola entidade.

II. A porcentaxe de incumprimento do compromiso de contratación obtida multiplícase pola penalización máxima expresada en puntos, e o valor resultante será a puntuación de penalización.

3. En caso de empate na puntuación obtida por diferentes solicitudes, terán preferencia aquelas que teñan mellor puntuación de entre os criterios de avaliación técnica descritos nos números 1.a), 1.b), 1.c) e 1.d) deste artigo, e segundo a ordenación en que se relacionan. De persistir o empate, aplicarase como criterio de selección a data e hora de presentación da solicitude.

4. As sucesivas convocatorias publicadas ao abeiro do disposto nesta orde de bases reguladoras poderán incluír valoracións baseadas en medias ponderadas de satisfacción do alumnado en relación cos resultados de convocatorias anteriores.

A puntuación máxima que se vai asignar por esta epígrafe será de ata 10 puntos.

#### Artigo 15. *Determinación da subvención*

1. O réxime de concesión e xustificación da subvención será a través de módulos económicos, segundo o previsto no Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O anexo IV de cada convocatoria incluírá a contía dos módulos económicos específicos establecidos como límite máximo para solicitar para cada familia profesional, área profesional ou especialidade formativa, de acordo co disposto no artigo 3 e no anexo I da Orde EFP/942/2022.

Para os efectos do previsto nesta orde, enténdese por módulo económico o custo por participante e hora de formación que poderá ser obxecto de financiamento público.

2. A contía da subvención que se vai conceder por cada acción formativa calcularase en función do número de participantes previstos, do número de horas do programa formativo



e dos módulos económicos específicos solicitados por participante e hora de formación recollidos, para cada familia, área profesional e/ou especialidade, segundo estableza a correspondente convocatoria, e en función da modalidade de impartición, no anexo IV.

Na formación que se vai impartir na modalidade mixta aplicaranse os módulos correspondentes en función do número de horas de cada tipo de modalidade formativa.

A valoración económica dos módulos transversais será a mesma que a dos módulos económicos establecidos no anexo IV para os contidos específicos da acción formativa, e de acordo coa modalidade de impartición na que se realicen.

3. Realizada a acción formativa, a liquidación da subvención realizarase nos termos recollidos no capítulo VI desta orde. En ningún caso a liquidación poderá superar a contía da subvención concedida.

#### Artigo 16. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalles, logo do informe da Comisión Central de Valoración e unha vez fiscalizada a proposta pola Intervención competente, ás persoas titulares das xefaturas territoriais, por delegación da persoa titular da Consellería.

2. O prazo para resolver e notificar será de tres (3) meses. O dito prazo computarase desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes de subvencións indicado na correspondente convocatoria.

Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. As resolucións dos expedientes comunicaránse ao Consello Galego de Formación Profesional.

4. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, independentemente de que esta sexa consecuencia da repartición do crédito orzamentario inicial, da disposición de crédito liberado ou dunha ampliación de crédito, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, a través da aplicación informática SIFO; transcorrido este sen que se producese manifestación expresa, entende-



rasede, de acordo co disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como tacitamente aceptada.

A aceptación da concesión da subvención, que deberá ser pola súa totalidade, implica que a entidade interesada recoñece que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas concedidas, así como que se compromete a dispor deles ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionable.

No suposto de que as entidades beneficiarias decidan renunciar, parcial ou totalmente, de xeito sobrevido con posterioridade á súa aceptación a través do aplicativo SIFO, só se considerarán causas xustificadas as seguintes:

- Imposibilidade acreditada de atopar alumnado suficiente para comezar a acción formativa. Esta imposibilidade xustificarase mediante unha memoria explicativa, debidamente documentada, das actuacións realizadas e dos medios aplicados para a cobertura das prazas.
- Imposibilidade acreditada de contratar persoal docente que cumpra os requisitos exixidos para impartir a acción formativa. Esta imposibilidade xustificarase mediante unha memoria explicativa, debidamente documentada, das actuacións realizadas e dos medios aplicados para a contratación do persoal docente.
- Por circunstancias de gravidade e excepcionalidade acreditada.

A entidade estará obrigada a comunicar a súa renuncia motivada no prazo de cinco días hábiles desde que se produza a circunstancia causante, e deberá presentarse a través da aplicación informática de notificación xenérica FORMAN, <https://emprego.xunta.es/forman>, accedendo ao menú «Documentación -> Remitir documentación», para, tras indicar o expediente e a acción formativa correspondente, seleccionar no campo «Tipo de anexo» a epígrafe «Solicitud de renuncia a curso».

A xefatura territorial competente deberá ditar resolución expresa sobre a renuncia, nos termos preceptuados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de non se producir unha renuncia expresa, se a acción formativa non dá comezo na data de inicio prevista, ben inicialmente ou ben nas sucesivas solicitudes de cambio





aceptadas pola Administración, transcorridos cinco (5) días hábiles desde que se debería ter iniciado, entenderase feita unha renuncia tácita, polo que o órgano xestor poderá iniciar a tramitación de dita renuncia.

As renuncias presentadas polas entidades con posterioridade á aceptación da subvención non eximirán de posibles minoracións na puntuación da avaliación técnica que se asignará ás solicitantes polo grao de execución do programa formativo, se así se establece en sucesivas convocatorias.

5. Tanto nos supostos de rexeitamento expreso como no de renuncias sobrevidas, poderán ditarse novas resolucións nos termos da disposición adicional primeira, coa finalidade de seleccionar outras accións formativas segundo a puntuación obtida. As accións formativas da entidade renunciante, con independencia da causa da renuncia, serán excluídas na súa totalidade do novo proceso de selección.

De ser o caso, este criterio será igualmente de aplicación para o suposto de ditarse novas resolucións como consecuencia de ampliacións de crédito.

6. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contía total concedida e a puntuación técnica obtida para cada acción formativa, así como a prohibición de subcontratación, e incorporará o correspondente programa de formación e as condicións, as obrigas e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

7. En aplicación da Orde TES/26/2022, do 20 de xaneiro, unha vez ditada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a súa modificación ou modificacións. Calquera modificación, incluída a ampliación do prazo de execución do programa formativo, poderá solicitarse cando concorran circunstancias de toda índole, excepcionais e alleas á beneficiaria, especialmente por razóns sanitarias, catástrofes naturais ou calquera outra de natureza análoga que se poidan incluír na resolución da convocatoria, que imposibiliten a realización da formación nas condicións establecidas na resolución de concesión.

A petición deberá fundamentarse, mediante memoria xustificativa, en circunstancias sobrevidas tras a resolución e durante o prazo de execución da actividade subvencionada, e deberá formalizarse con carácter inmediato ao seu acaecemento e, en todo caso, antes do remate do citado prazo de execución.

As solicitudes de modificación serán resoltas polo órgano concedente da subvención. En todo caso, a modificación só poderá autorizarse se non danan dereitos de terceiras



persoas e non afecta a valoración técnica obtida pola solicitude presentada pola persoa beneficiaria.

O órgano competente ditará resolución motivada no prazo de dous (2) meses desde a data en que a solicitude tivo entrada no Rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen notificarse resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada. As resolucións poderán retrotraer os seus efectos, como máximo, ao momento de presentación da solicitude de modificación.

#### Artigo 17. *Recursos*

As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse, potestativamente, recurso de reposición, ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto for expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non for expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 18. *Publicidade das subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario o que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

3. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial da Consellería nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.



#### CAPÍTULO IV

### Obrigas, dereitos e deberes

Artigo 19. *Información e documentación requirida ás entidades para a xestión da execución das accións formativas*

1. Os datos correspondentes á xestión das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación pon á disposición das entidades e centros de formación.

2. Como mínimo cinco (5) días hábiles antes do inicio de cada acción formativa, deberá incorporarse ao sistema informático SIFO a seguinte información:

a) A relación nominal do alumnado seleccionado, con indicación do seu DNI.

Nunha acción formativa non se poderán compaxinar os perfís de persoa alumna e persoal docente, nin o de persoa alumna co de persoal de apoio da entidade.

b) Os instrumentos de avaliación válidos e fiables que se van aplicar, cun sistema de puntuación e corrección obxectivo.

c) A relación de persoal docente, con especificación dos seus DNI, que vai impartir a acción formativa, coa relación dos módulos e/ou contidos que impartirá cada un deles, facendo constar a súa formación metodolóxica e a documentación acreditativa da súa formación e experiencia cando esta non estea en poder da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

d) A identificación, con especificación do DNI, do persoal de preparación de clases e titorías para o reforzo formativo e a impartición da docencia.

e) A identificación do persoal, con especificación dos seus DNI, que asuma as tarefas de administración, dirección e apoio estritamente necesarias para a preparación, xestión e execución do grupo formativo.

f) As datas de inicio e remate da acción formativa, así como, de ser o caso, o horario de impartición.

g) A planificación temporal do grupo que, no caso de especialidades de estrutura modular, deberá detallarse para cada un dos módulos do curso, incluídos os trans-



versais, indicando, así mesmo, a previsión de visitas didácticas que se van realizar ao longo do curso.

h) No caso de accións formativas conducentes a certificados de profesionalidade:

- Ratificación do compromiso de subscribir un convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas no certificado de profesionalidade.

- Planificación didáctica, elaborada segundo o anexo III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

- Programación didáctica de cada módulo formativo e, se é o caso, unidades formativas, utilizada como guía de aprendizaxe e avaliación, elaborada segundo o anexo IV da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

- Planificación da avaliación, de acordo co anexo V da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

i) O seguro de accidentes das persoas participantes.

j) Indicación expresa e coincidente co manifestado na solicitude, e ficha da acción formativa (anexos II e III), sobre que contidos e/ou módulos se van impartir na modalidade presencial, de teleformación ou, de ser o caso, a través de aula virtual, con información da súa duración, datas de realización e calendario de sesións presenciais.

k) As claves de acceso á correspondente plataforma informática de teleformación, se é o caso, para os efectos de seguimento e control do desenvolvemento do curso.

As claves de acceso á plataforma de teleformación deberán permitir a conexión con perfil de persoa administradora, titora-formadora e/ou persoa alumna.

3. O día de inicio de cada acción formativa introducirase no sistema informático SIFO a certificación xustificativa do comezo da acción formativa e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no número 2 deste artigo.

Na modalidade de teleformación, sen prexuízo do establecido en cada convocatoria en relación coa acreditación da existencia dun número mínimo de persoas alumnas, relación do alumnado que se conecta á plataforma o día de comezo da acción formativa.



4. No momento da incorporación do alumnado á acción formativa, deberá requirirles ás persoas participantes a seguinte documentación para rexistrar no aplicativo SIFO:

a) Ficha individual que, para os efectos de posibles notificacións, envío de diplomas ou remisión de certificados emitidos por solicitude da persoa interesada, deberá incluír o seu enderezo de correo electrónico.

Para aquelas accións formativas que impartan parte dos seus contidos mediante aula virtual, o usuario de acceso do alumnado ao campus realizarase utilizando a conta de correo electrónico incluída na ficha individual que se deu de alta no sistema informático SIFO.

Se posteriormente a persoa alumna modifica a dita conta de correo, a entidade deberá comunicarlle o dito cambio no prazo de tres (3) días desde que este teña lugar, ao equipo de soporte do campus virtual (soporte-campusvirtual.emprego@xunta.gal) para facilitarlle os ditos datos de conexión. Se a conta de correo que emprega a persoa alumna non está actualizada, será preciso que a entidade faga o cambio correspondente no sistema informático SIFO e, ademais, verifique que o dito cambio conste na matriculación de campus virtual.

b) Asociados a cada participante deberán incorporarse ao expediente electrónico de SIFO:

- Copia do DNI da persoa alumna.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso para realizar a formación ou de ter iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos estranxeiros que se corresponda cos requisitos exixidos para poder asistir á dita actividade de formación, de ser o caso.
- Documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais, de ser o caso.
- Documentación acreditativa necesaria para a exención dun módulo formativo ou dun módulo transversal, de ser o caso.
- Documento informativo sobre dereitos e deberes que entregará pola entidade ao alumnado, debidamente asinado polas persoas participantes.
- De acordo co disposto no artigo 21.5, documento informativo, asinado polo alumnado, de que as persoas participantes foron informadas dos requisitos necesarios para poder



participar na acción formativa e, naqueles casos en que a realización da formación vaia ter lugar mediante a modalidade de teleformación ou mixta, ou a través de aula virtual, dos medios técnicos necesarios e adecuados para poder asistir con aproveitamento ao curso.

- Autorización asinada polas persoas participantes para a utilización dos seus datos persoais para o control e seguimento da acción formativa no marco da normativa de protección de datos. A autorización deberá conter a declaración responsable da persoa traballadora de que os documentos que achega son auténticos.

- Nas accións formativas en que a entidade de formación asuma o compromiso de que o 100 % do alumnado sexan persoas con discapacidade recoñecida por organismo competente, escrito asinado pola persoa alumna en que autorice o acceso ás bases de datos da Administración pública para verificar o cumprimento deste requisito.

- Calquera outra documentación que, mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, se determine como necesaria para permitir o acceso á formación doutros colectivos cuxa admisión non estea expresamente regulada nesta orde.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 28, deberán comunicarse, nun prazo de tres (3) días hábiles desde que sexan efectivas, as baixas de persoas alumnas e as datas en que estas se produzan.

5. Mensualmente achegarase a seguinte información:

a) Nas actividades de carácter presencial, e de se ter producido incidencias no sistema de control biométrico de asistencia debidamente acreditadas perante o equipo de soporte informático, partes diarios e mensuais de asistencia no modelo xerado pola aplicación SIFO, asinados polo alumnado participante e polo persoal formador ao inicio e ao final de cada xornada, así como da persoa responsable da entidade beneficiaria. Os ditos partes deberán identificar as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas, e reflectir expresamente o número de horas de ausencia.

b) Comunicación das incidencias producidas, de ser o caso.

6. No prazo dun mes desde o remate de cada acción formativa, deberase:

a) Completar, no aplicativo SIFO, calquera información relativa á finalización da acción formativa.



b) No caso de accións formativas para impartir na modalidade de teleformación ou na modalidade mixta, e sen prexuízo do disposto no artigo 36 desta orde, informe dos controis de teleformación realizados, con indicación dos seguintes datos referidos a cada control de aprendizaxe:

- Código que permita identificar a proba e os resultados obtidos polas persoas participantes na plataforma de teleformación empregada para a execución da acción formativa.
- Información de se a persoa participante realizou ou non a proba. En caso afirmativo, consignaranse a data e a hora en que se desenvolveu o control de aprendizaxe, o tempo empregado para o seu desenvolvemento e o resultado obtido, con indicación da cualificación como superado ou non superado.

7. A non comunicación da información ou achega da documentación requirida nos prazos establecidos implicará a aplicación, de ser o caso, das minoracións recollidas no artigo 38 desta orde.

*Artigo 20. Requisitos que se deberán cumprir en relación co persoal formador e titor*

1. Cada módulo formativo das especialidades conducentes á obtención dun certificado de profesionalidade que se vai realizar na modalidade presencial poderá ser impartido, como máximo, por dúas persoas formadoras, que deberán cumprir cos requisitos que para cada módulo formativo se establezan no Real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

2. Toda persoa que fose validada como formadora por unha unidade administrativa dunha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego para impartir unha determinada especialidade formativa se entenderá que cumpre cos requisitos para impartila, na modalidade para a cal foi validada, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e durante o período que se determine en cada unha das convocatorias.

3. As persoas responsables da titorización-formación que impartan formación na modalidade de teleformación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos específicos requiridos para cada especialidade e contar con formación ou experiencia verificable nesta modalidade.

Para acreditar a formación e/ou a experiencia requirida na modalidade de teleformación e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación, exixírase, cando menos,



unha formación de 30 horas ou unha experiencia de 60 horas na impartición de accións formativas nesta modalidade.

4. A acreditación da experiencia profesional no eido das competencias relacionadas co módulo formativo, a experiencia docente e/ou a experiencia na modalidade de teleformación e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación efectuarase de acordo co disposto no artigo 19.3 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

5. As persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica, establecido no artigo 30 desta orde, deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou experiencia profesional ou docente en materia de xénero, e seranlles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicables para as persoas docentes que impartan especialidades formativas.

Así mesmo, poderá impartir este módulo o persoal inscrito no Rexistro de Persoal Docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (códigos de procedemento SI500A e SI500B). A resolución de inscrición no Rexistro será condición suficiente para xustificar o cumprimento dos requisitos exixidos no parágrafo anterior.

#### Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades poderán executar as accións formativas subvencionadas no período comprendido entre a data de aceptación da resolución de concesión da subvención e a data límite que se determine para cada convocatoria.

Ademais das obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e das establecidas con carácter xeral para todos os centros e entidades de formación no artigo 7 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, e sen prexuízo das determinadas na Lei 30/2015, do 9 de setembro, no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, e no artigo 10 da Orde EFP/942/2022 do 23 de setembro, as entidades beneficiarias estarán obrigadas a cumprir as seguintes condicións:

1. Realizar a execución das accións formativas de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais establecidos na orde de bases e na correspondente convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a avaliación técnica e a subvención concedida.





A subvención outorgada terá o carácter de importe máximo e destinarase á realización das accións formativas concedidas.

Non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática SIFO.

2. De ser o caso, comunicar á xefatura territorial correspondente a obtención de subvencións ou axudas, para esta mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

3. Non poderán subcontratar con terceiras persoas a execución da actividade formativa adxudicada.

Para estes efectos, a contratación por parte da entidade beneficiaria de persoal docente para a impartición da formación non se considerará subcontratación. Por contratación de persoal docente enténdese exclusivamente a contratación de persoas físicas.

4. Expor no taboleiro de anuncios do centro e, de ser o caso, na súa páxina web o programa completo da acción formativa, os dereitos e deberes do alumnado, así como a relación do persoal docente, as datas e a modalidade de impartición e, de ser o caso, o horario da acción formativa.

No anuncio deberá facerse constar necesariamente o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, incluíndose nel o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que a financian.

Esta información deberá estar redactada en lingua galega, sen prexuízo de que, así mesmo, se publique noutros idiomas.

5. Informar o alumnado do alcance e dos obxectivos da formación e se esta conduce ou non á obtención dun certificado de profesionalidade.

Así mesmo, deberá informarse as persoas participantes dos requisitos necesarios para poder participar na actividade formativa e, naqueles casos en que a realización da formación teña lugar mediante a modalidade de teleformación ou mixta, ou a través de aula virtual, dos medios técnicos necesarios e adecuados para poder asistir con aproveitamento á actividade.



Na modalidade de teleformación, ao comezo da acción formativa deberá realizarse unha sesión inicial, que poderá ser presencial ou a través da plataforma virtual, co obxecto de informar o alumnado sobre o funcionamento do curso, metodoloxía, titorías, calendario e sistema de avaliación. Así mesmo, informarase sobre os requisitos de exención dos módulos transversais ou do módulo de formación práctica en centros de traballo.

Da comunicación da dita información ás persoas asistentes deberá quedar constancia mediante escrito asinado polo alumnado que se incorporará ao expediente electrónico recollido en SIFO.

6. Respetar o carácter gratuito da formación para o alumnado.

7. Informar as persoas participantes en situación de desemprego das axudas e bolsas que poidan solicitar.

Colaborar, nos termos establecidos no artigo 14.1.k) desta orde, e no caso de ter asumido o compromiso de colaboración nesta materia, na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas do alumnado que participe nas accións formativas.

Para os efectos do pagamento das bolsas e axudas ás persoas alumnas desempregadas que asistan a accións formativas na modalidade de teleformación, os resultados dos controis de teleformación, independentemente de que estes deban realizalos persoas traballadoras desempregadas ou ocupadas, deberán estar dados de alta no aplicativo informático SIFO no prazo de tres (3) días hábiles desde a data límite que se determine para que o alumnado realice a correspondente proba.

O prazo máximo para realizar os controis de aprendizaxe por parte do alumnado será de cinco (5) días desde a súa activación na plataforma de teleformación.

8. Aboar mensualmente a remuneración do persoal formador a través de transferencia bancaria.

Non exime desta obriga o feito de que o centro ou entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

9. Someterse ás actuacións de supervisión, seguimento e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa



xestión e tramitación administrativa, e facilitar toda a documentación que se lles requira para tales efectos.

10. As entidades deberán dispor dun sistema de control biométrico para o seguimento e control do alumnado e do persoal docente, compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

En función da modalidade en que teña lugar a realización da acción formativa, serán de aplicación os seguintes criterios:

a) Na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, o control de asistencia realizarase mediante control biométrico e controis de asistencia que deberán asinar diariamente ao inicio e ao final da actividade (de ser a acción formativa en horario de mañá ou de tarde), e catro veces ao día, de impartirse a acción formativa en xornada partida: ao inicio e ao final da xornada de mañá e ao inicio e ao final da xornada de tarde.

Tanto o conxunto do alumnado como o persoal docente estarán obrigados a efectuar o referido control de presenza, de entrada e saída diaria, mediante o control biométrico e, simultaneamente e con carácter subsidiario, mediante partes de asistencia.

Para os efectos de poder efectuar o dito control de asistencia, o alumnado participante, tanto o ocupado como o desempleado, e o persoal docente poderán rexistrar a súa pegada dixital na propia entidade formadora, ben con carácter previo ou ben o mesmo día de inicio da acción formativa ou de incorporación do alumnado á actividade. Neste caso, tanto o alumnado coma o persoal docente deberán ser informados da necesidade de captar a súa pegada para poder realizar o seguimento e control de asistencia á actividade formativa, así como a finalidade e destino da impresión dixital recollida, e outros aspectos básicos relativos á protección de datos persoais, para o cal deberán asinar o modelo informativo e de autorización de captura da impresión dixital que está dispoñible para a súa descarga no sistema informático SIFO.

A correspondencia entre as impresións dixitais e a persoa que identifican acreditarase mediante declaración responsable, cuxo contido deberá respectar o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Esta declaración responsable deberase presentar a través da aplicación SIFO. A presentación dunha declaración responsable que falsee as condicións requiridas para a concesión da subvención ou oculte as circunstancias que a impidan ou limiten terá os efectos recollidos no artigo 7.2 desta orde.

b) Nos cursos para impartir na modalidade de teleformación ou na parte de teleformación da modalidade mixta, as entidades deberán dispor da tecnoloxía necesaria para verificar e acreditar a participación ou asistencia do alumnado e do persoal docente, segundo o caso, mediante o uso de control biométrico, DNI electrónico, sinatura dixital ou calquera outro método que garanta a identificación correcta e inequívoca das persoas participantes.

Na modalidade de teleformación será admisible unha declaración responsable, que se presentará a través da aplicación SIFO, na cal se determine a correspondencia entre o código de usuario e a persoa alumna, e que permita o adecuado seguimento e control da participación do alumnado e persoas titoras-formadoras na acción formativa, o número de horas de conexión, a realización de exercicios prácticos e a superación dos correspondentes controis.

Nas sesións de titoría incluídas na modalidade de teleformación, a persoa titora asume o compromiso de dispoñibilidade e presenza durante todo o tempo da súa duración. Para estes efectos, o tempo de asistencia deberá ser mecanizado pola entidade beneficiaria na aplicación COBIPE, no prazo improrrogable de tres (3) días hábiles desde a data de realización da titoría a que se refiran.

c) Na formación presencial desenvolvida mediante aula virtual, esta deberá impartirse obrigatoriamente a través do campus virtual que, para estes efectos, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade porá á disposición das entidades de formación.

Os datos de asistencia do alumnado e persoal docente na formación presencial desenvolvida mediante aula virtual deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria na aplicación COBIPE, no prazo improrrogable de tres (3) días hábiles desde a impartición da sesión a que se refiran. O incumprimento da obriga de mecanización en prazo suporá a perda ao dereito a percibir a liquidación correspondente á sesión non mecanizada e para as persoas participantes para as cales non se rexistraron os datos.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poderá, en calquera momento dentro do período de vixencia desta orde de bases reguladoras e mediante a oportuna instrución que será comunicada ás entidades beneficiarias, substituír a obriga de mecanización esta-



blecida no parágrafo anterior por unha carga automática en COBIPE do tempo de conexión que para cada sesión, persoa alumna e acción formativa consten no campus virtual.

d) No relativo á realización do módulo de prácticas non laborais en empresas, o control de asistencia non requirirá o control biométrico e estará limitado a controis de asistencia que deberán asinar diariamente ao iniciar e ao finalizar a actividade (de ser a acción formativa en horario de mañá ou tarde), e catro veces ao día de ser a acción formativa en xornada partida (ao inicio e ao final da xornada de mañá e ao inicio e ao final da xornada de tarde).

Os datos de asistencia do alumnado deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria na aplicación COBIPE, no prazo improrrogable de tres (3) días hábiles desde a impartición da sesión á que se refiran. O incumprimento da obriga de mecanización en prazo suporá a perda do dereito a percibir a liquidación correspondente á sesión non mecanizada das persoas participantes para as cales non se rexistraron os datos.

11. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado, para o caso das accións formativas que se van impartir na modalidade presencial, así como para a parte presencial da modalidade de teleformación e/ou mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de impartición das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais.

A súa duración abranguerá o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que se poida admitir restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- a) No caso de morte: 60.000 €.
- b) No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- c) Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

12. Contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Non se admitirán pólizas con franquías.



13. Pór á disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen para a axeitada realización da formación, así como os equipamentos necesarios tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade, do cal deberá quedar constancia documental, que se incorporará ao expediente electrónico de SIFO, asinada por cada unha das alumnas e alumnos.

Naquelas accións formativas para as cales se asumise este compromiso, os contidos didácticos, sexan en soporte de papel ou electrónico, deberán estar redactados no idioma galego.

14. Comunicar á xefatura territorial competente calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos cursos programados. Esta comunicación deberá realizarse no prazo de dous (2) días hábiles desde que se teña coñecemento de que se vai producir ou dun día hábil desde que se produza.

15. Solicitar á xefatura territorial competente, cun mínimo de cinco (5) días hábiles de antelación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento das accións formativas.

16. Comunicar á xefatura territorial competente, con 5 días hábiles de antelación ao día en que vaian ter lugar, a realización de viaxes ou visitas de carácter didáctico.

Estas actividades só se poderán denegar mediante resolución motivada cando o seu contido non supoña unha achega formativa para o alumnado ou reitere actividades xa realizadas.

17. Facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano competente da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

18. Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común en todos eles á formación para o emprego, de maneira que exista pista de auditoría adecuada.



19. Para o caso do persoal interno vencellado á impartición da docencia, a entidade deberá crear, documentar e custodiar un sistema con valor probatorio suficiente, para acreditar as horas diarias dedicadas por cada persoa a estes labores de preparación e titoría, e as tarefas realizadas con indicación do seu custo.

20. Dispor de follas de reclamacións á disposición do alumnado, en aplicación do disposto na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

21. Realizar, polo menos, dous cuestionarios sobre a valoración da acción formativa por parte do alumnado, que se realizarán durante o primeiro cuarto da actividade de formación e ao remate desta.

Así mesmo, e para esta finalidade, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade realizará ao remate da acción formativa unha enquisa electrónica de avaliación de calidade e captura dos seus resultados para cubrir polas persoas participantes.

22. En aplicación do disposto no artigo 10.k) da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, realizar, cando menos unha sesión de orientación profesional para favorecer a xeración de itinerarios formativos e profesionais das persoas destinatarias da formación.

Da sesión, que poderá ser individual ou grupal, quedará constancia escrita asinada pola entidade e polo alumnado asistente, que se incorporará ao expediente electrónico de SIFO. No documento deberán indicarse a data e o horario en que esta tivo lugar, a modalidade en que se desenvolveu, a relación de participantes, a súa duración e os contidos tratados.

23. Subscribir, con carácter previo á percepción do financiamento público, un compromiso verificable de calidade na xestión, transparencia e eficiencia na utilización de recursos públicos. Este compromiso estará referido ao seguimento da impartición da acción formativa, á satisfacción das persoas participantes, aos seus contidos, aos seus resultados, á calidade do profesorado e ás modalidades de impartición.

24. Verificar que no momento do comezo da acción formativa a especialidade formativa que se vai impartir segue de alta e vixente no Catálogo de especialidades formativas e que o programa que se vai impartir non difire do programa autorizado.

Non serán subvencionadas as accións formativas que no momento do seu inicio non estean vixentes e dadas de alta no citado catálogo.



25. Verificar o cumprimento dos requisitos de acceso que deberá cumprir o alumnado.

No proceso de liquidación da subvención, non serán obxecto de cómputo na determinación do importe a liquidar aqueles alumnos ou alumnas que non cumpran os requisitos exixidos para o acceso á acción formativa.

Malia o disposto no parágrafo anterior, poderán participar nunha acción formativa e xerarán dereitos liquidatorios para a entidade, de acordo cos criterios establecidos nesta orde, as persoas candidatas que iniciasen e teñan pendente de resolución un proceso de homologación de títulos e estudos estranxeiros e sempre e cando estes se correspondan cos requisitos exixidos para poder asistir á actividade de formación. Estas persoas, no suposto de seren desempregadas e cumpriren os requisitos establecidos na orde reguladora (procedemento TR301V), terán dereito á percepción de bolsas e axudas.

Así mesmo, mediante unha instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e para os efectos de dar cumprimento a disposicións legais que regulen o acceso a esta formación, poderán admitirse outros colectivos que non cumpran os requisitos de acceso e que, de ser o caso, poderán ter dereito á percepción de bolsas e axudas.

En ningún caso, coas excepcións citadas, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que poidan participar na formación sen reuniren os requisitos de acceso exixidos para ser persoa destinataria da formación ou os establecidos polas especialidades formativas que se van impartir. Tampouco será responsable no suposto de que a formación se impartise sen cumprir os requisitos exixibles de conformidade coa normativa aplicable.

Neste sentido, non se lles expedirán diplomas nin certificados de ningún tipo ás persoas alumnas que participen na formación sen reuniren os referidos requisitos, nin se asumirá ningún tipo de responsabilidade económica derivada da súa participación, o que inclúe que non terán dereito a percibir ningún tipo de bolsas e axudas.

Para o caso concreto do alumnado admitido inmerso nun proceso de homologación de estudos estranxeiros, o recoñecemento oficial da formación estará condicionado a que se produza a validación ou homologación dos ditos estudos. No caso de que finalmente esta non teña lugar, o curso de formación para o emprego realizado terase, para os efectos da expedición do diploma ou certificado oficial, como non efectuado; non obstante, para a entidade xerará dereitos liquidatorios de acordo cos criterios establecidos para estes efectos nesta orde.





As entidades beneficiarias deberán comunicarlles por escrito os termos deste punto, coas especificidades aplicables á correspondente especialidade formativa, a todas as persoas que participen no proceso de selección do alumnado, do cal deberá quedar constancia escrita asinada polo alumnado, que se incorporará ao expediente electrónico recollido en SIFO.

#### Artigo 22. *Dereitos e deberes do alumnado*

1. A formación será gratuíta para todo o alumnado participante nas accións formativas realizadas ao abeiro desta orde.

2. As persoas que xa cursasen con aproveitamento algún módulo formativo daqueles que integran a especialidade que estean realizando, non poderán volver a realizalo, sempre que esa formación sexa acreditable para os efectos da obtención dos certificados de profesionalidade.

3. O alumnado desempleado que cumpra os requisitos establecidos pola correspondente normativa reguladora terá dereito a percibir as axudas ou bolsas que estableza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego (procedemento TR301V).

Para estes efectos, será de aplicación o disposto no artigo 21.25 en relación co alumnado que iniciase e teña pendente de resolución un proceso de homologación de títulos e estudos estranxeiros, e con aqueles colectivos que poidan determinarse como beneficiarios mediante a oportuna instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

4. O alumnado que resulte seleccionado para unha acción formativa regulada por esta orde non poderá asistir simultaneamente a ningunha outra subvencionada con fondos públicos.

Será excepción a este criterio a asistencia a cursos de formación non formal, suposto en que poderá asistir simultaneamente a ata un máximo de dúas accións formativas, sempre que exista compatibilidade horaria entre ambas as actividades e que a convocatoria da programación de formación non formal permita a dita simultaneidade.



As persoas alumnas non poderán causar baixa nun curso financiado dentro desta programación para accederen a outra acción formativa financiada con fondos públicos, salvo autorización expresa previa da persoa titular da xefatura territorial competente e por causas excepcionais debidamente xustificadas.

As entidades beneficiarias informarán a todo o alumnado desta incompatibilidade antes do comezo de cada acción formativa a través dun medio, que se incorporará ao expediente electrónico recollido en SIFO, que permita acreditar e deixar constancia de tal comunicación.

5. O alumnado participante terá a obriga de:

- Asistir e seguir con aproveitamento a impartición das accións formativas.
- Rexistrar a súa asistencia e seguimento da acción formativa mediante o uso daqueles sistemas de control autorizados nesta orde para as distintas modalidades de impartición e que, para tales efectos, aplique a entidade formadora.
- Facilitar, segundo o disposto no artigo 19 desta orde e nos prazos que nela se establecen, a documentación que lle ten que ser requirida pola entidade de formación, entre a cal se encontra a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso para realizar a formación ou de ter iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos estranxeiros e, de ser o caso, a documentación acreditativa necesaria para a exención dun módulo formativo, do módulo de prácticas profesionais non laborais ou dalgún módulo transversal.
- Responder ao formulario da enquisa de avaliación da calidade da acción formativa que se lle remitirá por vía telemática ao remate da acción formativa ou, de ser o caso, se lle entregará en soporte papel para a súa cobertura.
- De ser o caso, salvagardar o carácter persoal e intransferible das chaves de acceso á plataforma de teleformación que lle proporcione a entidade de formación.

6. As alumnas e as alumnos deberán ser dados de baixa nunha acción formativa cando se dea algunha das seguintes causas de exclusión:

a) Incumprimento da prohibición de simultanear accións formativas de formación para o emprego nos termos recollidos no artigo 22.4 desta orde. Neste caso, a exclusión aplicarase na acción ou accións formativas en que a persoa alumna se incorporase máis recentemente.



b) Incumprimentos de asistencia na modalidade presencial ou na parte presencial das modalidades mixta e de teleformación:

I. Incurrir en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes. Para estes efectos, terán a consideración de faltas xustificadas as que a seguir se relacionan:

- Enfermidade ou accidente acreditados.
- Consulta médica propia ou de familiares ata o primeiro grao ou persoas ao seu cargo.
- Nacemento de fillo ou filla e supostos de acollemento ou adopción.
- Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao. Ata dous (2) días hábiles na mesma localidade e tres (3) días hábiles en distinta localidade.
- Contratación laboral que permita compatibilizar a asistencia á acción formativa ata completar o 75 % de horas lectivas.
- Asistencia a exames finais e a outras probas de aptitude, de carácter oficial.
- Citación administrativa ou xudicial.
- Permiso por violencia de xénero.
- As actividades vinculadas coa conciliación familiar por coidado de fillas/os e/ou persoas acollidas menores de doce (12) anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao ao cargo da persoa alumna, sempre que resulten acreditados debidamente tanto a causa como o vínculo familiar nos termos da normativa aplicable.
- Entrevista de traballo, polo tempo indispensable para a súa realización.

A xustificación das faltas deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia.

As persoas alumnas disporán dun prazo de tres (3) días lectivos para presentaren na entidade de formación os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar.



As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de vinte e cinco (25) horas ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo e a acreditación documental suficiente de superposición do horario laboral co horario lectivo.

II. Incurrir en sete incumprimentos horarios nun mes, sen xustificación.

Entenderase por incumprimento horario cando, sen causa xustificada, a suma dos minutos de atraso na hora de entrada, da saída con antelación e das ausencias durante parte das horas lectivas sexa superior a quince (15) minutos por cada día lectivo.

A xustificación dos incumprimentos horarios deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo. As persoas alumnas disporán dun prazo de tres (3) días lectivos para presentaren os xustificantes na entidade de formación. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar.

III. A impartición da formación mediante aula virtual entenderase como formación presencial.

c) Incumprimentos de seguimento na modalidade de teleformación ou na parte de teleformación da modalidade mixta:

I. Non realizar as probas e avaliacións da acción formativa ou incorrer en incumprimento reiterado na súa realización efectuándoas fóra do prazo establecido para o efecto, sempre e cando dito incumprimento supere o 25 % do número de controis programados.

A entidade impartidora da acción formativa fará efectiva a baixa da persoa participante o día lectivo seguinte a aquel en que o alumno ou a alumna acade o grao de incumprimento referido nas letras a), b) ou c).

7. Serán motivos de exclusión por causas disciplinarias ou de aproveitamento da formación os seguintes:

I. Atentar contra os dereitos das persoas alumnas, do persoal docente ou da entidade formadora.

II. A falta de aproveitamento da acción formativa ou mostrar un comportamento indebido que dificulte o seu normal desenvolvemento.



III. Negarse a efectuar os controis biométricos de asistencia ou os que procedan segundo a modalidade de impartición.

IV. Non entregar a documentación necesaria para dar cumprimento á normativa aplicable requirida pola entidade formadora ou a unidade administrativa correspondente.

V. Non cumprir nin respectar as medidas de seguridade e saúde establecidas polas autoridades competentes para facer fronte, de ser o caso, a emerxencias sanitarias, así como as debidas normas de hixiene e salubridade.

O procedemento que se seguirá para dilucidar se procede a exclusión por causas disciplinarias será o seguinte:

- O proceso iniciarase mediante solicitude debidamente motivada presentada pola entidade formadora.

- No prazo de cinco (5) días hábiles desde a presentación da solicitude, a persoa proposta para exclusión será obxecto de audiencia polo órgano instrutor, o Servizo de Formación para o Emprego e Orientación da xefatura territorial da provincia en que teña lugar a acción formativa en cuestión, logo da cal esta unidade formulará a súa proposta de resolución.

- A resolución corresponderalle á persoa titular da xefatura territorial competente.

- Durante a tramitación do procedemento, a persoa alumna que o motiva poderá ser suspendida de asistencia á acción formativa ata a notificación da resolución definitiva, que non pon fin á vía administrativa, contra a cal poderán interpor recurso de alzada as persoas interesadas.

## CAPÍTULO V

### Execución dos programas de formación

#### Artigo 23. *Accións formativas*

1. A acción formativa está constituída polo contido específico da especialidade formativa que se vai impartir e polos módulos formativos transversais a que se refire esta orde.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de subvención aquelas especialidades formativas que se determinen no anexo IV de cada convocatoria, así como os módulos transversais que se impartan asociados a estas.



As especialidades formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade poderán programarse completas ou por módulos formativos, con suxeición, no relativo ás prácticas non laborais, ao disposto no artigo 32 desta orde.

Unha acción formativa poderá impartirse nun ou varios grupos e de acordo cos límites que en cada convocatoria se establezan para cada modalidade de impartición.

De ser o caso, e independentemente do número de grupos en que se desagregue unha acción formativa, as sesións de formación e avaliación presencial da acción formativa deberán efectuarse nun único centro presencial.

2. As accións formativas poderán impartirse en calquera das modalidades de formación e de acordo cos criterios previstos no artigo 24.

3. A participación da persoa traballadora en accións formativas de formación para o emprego estará suxeita ao disposto no artigo 13.6 desta orde no relativo ao número máximo de horas diarias e semanais en que se poderá impartir a formación ou realizar as prácticas non laborais.

Non está permitida a realización das accións formativas en horario nocturno. Para os efectos desta orde, enténdese como horario nocturno o período de tempo comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas.

Con carácter excepcional, e logo de solicitude da entidade beneficiaria debidamente xustificada mediante memoria explicativa, a xefatura territorial competente poderá autorizar a realización de accións formativas que, total ou parcialmente, se impartan dentro do horario nocturno establecido no parágrafo anterior.

4. Logo de solicitude da entidade beneficiaria presentada cunha antelación mínima de tres (3) días hábiles en relación coa data en que serán de aplicación os cambios solicitados, a modificación das datas e dos horarios das accións formativas respecto do indicado no anexo II ou, de ser o caso, do autorizado posteriormente como consecuencia doutras solicitudes de cambio presentadas requirirá autorización da xefatura territorial competente, outorgada a través da aplicación informática SIFO.

5. De ser o caso, por razóns de saúde e para os efectos de cumprir coas disposicións ditas polas autoridades competentes como consecuencia dunha situación de emerxencia, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación poderá ditar instrucións



dirixidas a regular aspectos relativos ao desenvolvemento das accións formativas, como os correspondentes á modalidade de impartición da actividade, ás sesións docentes e/ou aos horarios de impartición, entre outros.

#### Artigo 24. *Modalidades de impartición*

1. A formación profesional para o emprego obxecto de financiamento por esta orde poderá efectuarse, de acordo co que para tal efecto estableza e autorice o correspondente programa formativo da especialidade que se vai impartir, nas modalidades presencial, mixta ou de teleformación.

As accións formativas non se poderán impartir naquelas modalidades que non estean expresamente permitidas pola normativa reguladora e polos programas formativos vixentes para cada especialidade.

Non serán obxecto de subvención aquelas accións formativas solicitadas polas entidades de formación que incumpran o requisito establecido no parágrafo anterior.

O tipo de modalidade de impartición estará definido pola modalidade en que se imparta o contido específico da acción formativa.

2. As accións formativas dirixidas a impartir competencias clave desenvolveranse na modalidade presencial e non estará permitida a formación a través de aula virtual.

3. Enténdese por formación na modalidade presencial aquela que ten lugar nun aula, coa presenza do profesorado, que transmite os coñecementos nun mesmo lugar e tempo a un grupo de alumnas e alumnos.

Considérase, salvo supostos específicos en que a normativa estipule outra porcentaxe, que a acción formativa se imparte na modalidade de teleformación cando a parte presencial do contido específico da especialidade formativa sexa igual ou inferior ao 20 % da súa duración total.

Enténdese por modalidade mixta aquela que combine para unha mesma acción formativa as modalidades presencial e de teleformación. En cada acción formativa que se imparta en modalidade mixta, o número de horas de teleformación do contido específico será inferior ao 80 % das horas da acción formativa. Nesta porcentaxe incluírase o número de horas de docencia e de titorías correspondentes a teleformación.



4. As sesións de formación e avaliación presencial da formación que se desenvolvan na modalidade de teleformación ou mixta deberán realizarse en centros presenciais situados na Comunidade Autónoma de Galicia e homologados pola Administración pública competente para impartir a correspondente especialidade formativa.

Os contidos presenciais que se van impartir nas modalidades de teleformación ou mixta de cada acción formativa realizaranse nun único centro presencial que, para os efectos de cumprir os requisitos de capacidade, poderá desagregarse en varios grupos.

A impartición dos contidos en teleformación deberá contar cunha metodoloxía apropiada para esta modalidade, complementada con asistencia titorial, e realizarse a través dunha plataforma virtual de aprendizaxe que posibilite a interactividade do alumnado, persoal de titoría e recursos, e que garanta a xestión dos contidos, un proceso de aprendizaxe sistematizado para as persoas participantes, o seu seguimento continuo e a avaliación de todo o proceso.

5. Na solicitude de subvención deberá especificarse expresamente a modalidade pola cal se opta e, de ser mixta ou de teleformación, indicaranse o número de horas presenciais e o número de horas de teleformación.

As horas de aprendizaxe presencial calcularanse sobre as horas de formación, excluídas, para estes efectos, as horas de prácticas profesionais en centros de traballo.

6. As entidades beneficiarias poderán facer uso da aula virtual como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, utilizando o campus virtual que, para estes efectos, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade porá á disposición das entidades de formación, sen que a impartición da totalidade dunha especialidade formativa poida realizarse a través de aula virtual.

Considérase aula virtual o contorno de aprendizaxe onde a persoa titora-formadora e o alumnado interactúan, de forma concorrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono.

A impartición da formación mediante aula virtual estruturarase e organizarase de modo que se garanta en todo o momento que existe conectividade sincronizada entre as persoas formadoras e o alumnado participante, así como bidireccionalidade nas comunicacións.





A totalidade das persoas participantes deberá dispor dos medios técnicos necesarios e adecuados para poder asistir con aproveitamento á actividade. Para estes efectos, e para unha óptima interacción entre o persoal formador e o alumnado, todas as persoas participantes deberán dispor de micrófono e cámara web, cámara que deberá estar acesa e en uso durante todo o tempo de duración da sesión formativa; será responsabilidade do centro de formación verificar o cumprimento desta obriga.

A Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación poderá establecer, mediante unha instrución, a obriga de que as entidades de formación graven na nube, utilizando para tales efectos as ferramentas que proporciona o campus, as sesións que se desenvolvan mediante aula virtual. Neste suposto, e no caso de non se efectuar a gravación, a sesión entenderase como non realizada.

Non se poderá utilizar unha aula virtual para realizar aquelas sesións que precisen presenza física do alumnado e/ou requiran a utilización de espazos, instalacións ou equipamentos para a adquisición de destrezas prácticas.

Así mesmo, na modalidade presencial ou na parte presencial da modalidade mixta os exames finais e as probas de aptitude de carácter oficial non se poderán realizar a través da aula virtual.

Para a autorización do uso da aula virtual serán de aplicación os seguintes criterios, que se poderán desenvolver mediante a oportuna instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación:

- Naquelas especialidades formativas para as cales o deseño e contido do seu programa formativo permite que se impartan tanto na modalidade presencial como na de teleformación, poderá utilizarse a aula virtual para realizar aquelas sesións que, na modalidade de teleformación, non precisen presenza física do alumnado.

- Naquelas especialidades formativas para as cales o deseño e contido do seu programa formativo soamente admita a presencial como modalidade de impartición, permitirase o uso da aula virtual para aqueles contidos en que resulte acreditado que non requiren o uso de espazos, instalacións e/ou equipamentos para a adquisición de habilidades ou destrezas prácticas, e cun límite máximo de horas de formación mediante aula virtual que non poderá superar o 50 % do total de horas do programa formativo.



Para os efectos de garantir o cumprimento do disposto nesta epígrafe, as xefaturas territoriais poderán, na fase de instrución da solicitude, requirirles ás entidades de formación toda aquela información e/ou documentación acreditativa da viabilidade de impartir mediante aula virtual a totalidade ou parte dos contidos solicitados. No caso de que a información e/ou documentación solicitada non se achegue ou se achegue parcialmente, se presente fóra de prazo ou non acredite a viabilidade de impartir a formación mediante aula virtual, esta deberá efectuarse, logo de notificación á entidade interesada, presencialmente.

7. Se, unha vez concedida e aceptada unha solicitude de subvención, a entidade desexa modificar a impartición presencial de determinados contidos da acción formativa para realizalos a través de aula virtual, deberá solicitalo ao Servizo de Formación para o Emprego e Orientación da xefatura territorial competente, cun mínimo de dez días hábiles de antelación en relación coa data proposta para o comezo da impartición da formación por este medio virtual, e necesitará en todo caso, a autorización previa do persoal técnico da dita unidade.

A solicitude deberá incluír unha memoria detallada da petición, con indicación expresa dos contidos que se impartirán mediante aula virtual, a súa duración e as datas de realización, e o calendario de sesións presenciais e de exames que se van realizar.

No caso de que a acción formativa estivese iniciada no momento de realizar a solicitude, ou xa se efectuase a selección do alumnado que vai participar nela, deberá presentarse a documentación acreditativa de que todas e cada unha das persoas alumnas da acción formativa foron debidamente informadas das consecuencias de participar mediante aula virtual, incluída, de ser o caso, a perda do dereito para beneficiarse de determinadas bolsas e axudas, e que mostran o seu acordo expreso ao cambio.

8. En todas as modalidades de impartición deberanse incluír as evidencias necesarias para comprobar os resultados da aprendizaxe.

#### Artigo 25. *Difusión das accións formativas*

As entidades beneficiarias poderán realizar actividades de difusión e promoción das accións formativas previas á selección do alumnado naqueles medios e canles que consideren convenientes. A difusión garantirá a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes, e do uso dunha linguaxe non sexista.



Nestes anuncios deberá facerse constar necesariamente o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, e incluírse neles o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que financian a formación.

No anuncio, que deberá estar redactado en lingua galega, sen prexuízo de que, así mesmo, se achegue a publicación noutros idiomas, deberán especificarse como mínimo:

- A entidade ou centro ofertante, con indicación do teléfono e/ou correo electrónico de contacto.
- As prazas existentes e o carácter gratuíto da formación.
- A acción formativa de que se trata, con indicación do código e da denominación da especialidade formativa, o número de horas e a data prevista de inicio.
- O perfil requirido ao alumnado.
- A modalidade de impartición.

#### Artigo 26. *Persoas destinatarias da formación e definición de persoa alumna*

1. As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas. Para tal efecto, a consideración de persoa traballadora desempregada virá determinada pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa situación laboral como non ocupada referida á data da súa incorporación á acción formativa. Non será precisa a inscrición como demandante no caso de estar inscrita no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Se, durante o desenvolvemento da acción formativa, algunha persoa alumna desempregada pasa á situación laboral de ocupada, poderá continuar asistindo ao curso sempre que para o seguimento das actividades presenciais haxa compatibilidade entre o horario formativo e o laboral, de maneira que lle permita cumprir os requisitos de asistencia e, independentemente da modalidade de impartición, rematar con aproveitamento o curso.

Será requisito necesario para a participación do colectivo de persoas traballadoras desempregadas que o seu enderezo de intermediación se localice na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Poderán participar nas referidas accións formativas as persoas traballadoras ocupadas, ata un límite do 30 % do número de persoas participantes programadas, sempre e cando as prazas non se cubran con persoas traballadoras desempregadas.

Para os efectos desta orde, e coas excepcións que se establecen neste artigo, terán a consideración de persoas traballadoras ocupadas as que determine a orde vixente pola cal se establecen as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego para persoas traballadoras ocupadas (procedemento TR302A).

Será requisito necesario para a participación dos colectivos de persoas traballadoras ocupadas relacionadas neste punto, que o seu centro de traballo, ou o domicilio fiscal no caso das persoas traballadoras autónomas, se localice na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non poderán participar nas accións formativas reguladas por este procedemento o persoal ao servizo das administracións públicas nin as persoas traballadoras ocupadas da entidade de formación beneficiaria da subvención.

3. As persoas traballadoras fixas discontinuas nos períodos de non ocupación terán a consideración, para efectos desta orde, de persoas desempregadas.

4. En aplicación do disposto na disposición adicional sétima da Orde TES/1109/2020, do 25 de novembro, as persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego, suspensións dos contratos de traballo ou as reducións de xornada, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou derivadas de forza maior, poderán participar na oferta formativa para persoas traballadoras desempregadas sen computaren como ocupadas.

De acordo co disposto no número 1 da disposición adicional terceira do Real decreto lei 30/2020, do 28 de setembro, as persoas traballadoras que se encontren en situación de suspensión de contrato ou de redución de xornada como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego dos referidos na dita norma terán a consideración de colectivo prioritario para o acceso ás iniciativas de formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

5. Poderán participar nas accións formativas as persoas demandantes de servizos previos ao emprego, nos termos que establezan os instrumentos de coordinación do Sistema nacional de emprego, concretamente a Comisión de Coordinación e Seguimento (CCS) e o Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE).



6. Terán prioridade para a participación nos cursos os colectivos de persoas traballadoras que se relacionan neste número, sen prexuízo do que establece o artigo 27 no referido á selección directa por parte das entidades formativas e ao exercicio do dereito de elección de centro, e da priorización que, en calquera caso, se aplicará, por esta orde:

I) Persoas traballadoras desempregadas.

Para os efectos desta orde, non computarán como ocupadas as persoas traballadoras fixas descontinuas nos períodos de non ocupación nin as persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego, suspensións dos contratos de traballo ou as reducións de xornada, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior.

II) Persoas que teñan incluída esta especialidade formativa no seu itinerario persoal individualizado de emprego (IPE).

III) Persoas que solicitasen a especialidade formativa en cuestión, comezando por aquelas que a solicitasen no centro que vai impartir o curso.

IV) Persoas que, tendo unha especialidade formativa dun determinado nivel, queiran acceder á correspondente ao nivel inmediatamente superior da mesma familia e da mesma área.

Serán de aplicación os seguintes criterios de preferencia:

a) Mulleres.

b) Víctimas de violencia de xénero. Para os efectos de determinar esta condición, será de aplicación o disposto no artigo 14.1.g) desta orde para este colectivo.

c) Persoas desempregadas de longa duración.

d) Persoas menores de 30 anos. Para determinar a idade, esta calcularase desde o día de inicio da acción formativa.

e) Persoas emigrantes retornadas. Para os efectos de determinar esta condición será de aplicación o disposto no artigo 14.1.g) desta orde para este colectivo.

f) Persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida por organismo competente.



g) Persoas en risco de exclusión social, entendéndose como tales aquelas en que concorre algún dos factores ou situacións enumerados no artigo 2 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, sempre que tal situación sexa certificada polos servizos sociais públicos correspondentes.

h) Persoas con baixa cualificación, entendéndose como tales aquelas que non estean en posesión dun carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de formación profesional ou dunha titulación universitaria.

i) Persoas que superasen un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen acreditacións parciais mediante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

No caso de empate no proceso de determinación das persoas traballadoras que participarán nas accións formativas, acudirase aos seguintes criterios de desempate segundo a orde que a seguir se indica:

Primeiro. O tempo que leven sen participar en accións formativas no marco da formación profesional para o emprego.

Segundo. O tempo que leven inscritas como demandantes de emprego.

7. Terán a condición de persoas alumnas as que fosen seleccionadas para participar na acción formativa a través dun procedemento realizado de conformidade co establecido nesta orde.

#### Artigo 27. *Selección do alumnado*

1. As entidades beneficiarias poderán empregar para a selección das persoas traballadoras desempregadas o método de selección directa ou o método de selección a través de oficina de emprego. Ambos os métodos se poderán aplicar de xeito sucesivo pero non simultáneo.

2. As entidades beneficiarias que se acollan ao seu dereito de selección directa do alumnado desempregado deberán remitir a acta de selección á oficina de emprego competente, para a súa validación. A selección das persoas destinatarias da formación deberá axustarse aos requisitos de participación establecidos nesta orde.



De se acolleren ao dereito á selección directa do alumnado, as entidades priorizarán na participación nos correspondentes procesos selectivos as persoas traballadoras desempregadas que exerzan o seu dereito de elección de centro a través do Portal de emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade <https://emprego.xunta.es/diplos>, ou a través da rede de oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Se as entidades beneficiarias non elixen o procedemento de selección directa do alumnado ou ben, escolléndoo, non acaden o número mínimo de participantes, deberán efectuar os seguintes trámites:

a) Con quince (15) días hábiles de antelación ao da realización da proba de selección, as entidades beneficiarias solicitaranlle directamente á oficina de emprego que corresponda, e mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha listaxe de persoas que, cumprindo o disposto nesta orde para seren destinatarias da formación, se adecúen ao perfil requirido para a realización de cada acción formativa.

Naqueles casos en que a entidade beneficiaria adquirise un compromiso de contratación acreditable ligado á acción formativa, poderá solicitar especificamente á oficina de emprego que non se inclúan na listaxe persoas demandantes de servizos previos ao emprego.

Así mesmo, nos supostos en que a entidade beneficiaria demande a preselección de persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que non estean inscritas como demandantes, poderá solicitarlle á oficina de emprego unha busca específica para tal efecto.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre as persoas demandantes inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, seleccionará dúas persoas por praza vacante en cada acción formativa e convocará, mediante calquera medio que acredite a súa recepción de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas demandantes preseleccionadas para que asistan á proba de selección, que deberá realizar a entidade de formación.

Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego.

c) Remitida a listaxe das persoas preseleccionadas á entidade solicitante, esta procederá á selección do alumnado mediante a realización das probas que considere pertinentes e de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que se deberán pór en coñecemento das persoas candidatas antes da súa realización.



Do proceso de selección e do seu resultado emitirase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para tal efecto.

Na realización das probas de selección poderá estar presente unha persoa representante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

d) As persoas demandantes propostas pola oficina de emprego só poderán ser rexeitadas para a realización da acción formativa cando concorran causas xustificadas que así o determinen debidamente acreditadas pola entidade beneficiaria, e, en todo caso, cando incumpran os requisitos establecidos nesta orde para participar na correspondente especialidade formativa.

e) No caso de que ningunha persoa demandante proposta pola oficina de emprego supere as anteditas probas, ou que transcorresen quince (15) días naturais desde que se realizou a petición de persoas candidatas por parte da entidade beneficiaria sen que a oficina de emprego remitise persoas demandantes de emprego, ou que as persoas demandantes enviadas, xunto con aquelas outras pertencentes a outros colectivos cuxa participación se permite nesta orde de bases, sexan insuficientes, a oficina de emprego deberá repetir ou tentar novas sondaxes entre persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego que non respondan aos criterios que empregou na sondaxe inicial, e entre as cales poderán incluírse:

- Sondar persoas que teñen certificados de profesionalidade aprobados de menor nivel da mesma familia e área profesional.
- Sondar por estudos cursados, ocupación ou experiencia profesional afíns, relacionados coa especialidade que se vai impartir.
- Aumentar o ámbito xeográfico da sondaxe.

Se, malia o anterior, non se cobren as prazas, a entidade beneficiaria poderá realizar a correspondente convocatoria pública ou optar pola selección directa, logo de comunicación á oficina de emprego.

Os anuncios da convocatoria pública poderán efectuarse por calquera medio de comunicación (prensa escrita, carteis, folletos, a internet, correo electrónico, telefonía, redes sociais, radio, televisión e medios de comunicación análogos aos anteriores). Neles deberán facerse constar a información relacionada no artigo 25, relativo á difusión das accións





formativas, con indicación expresa do enderezo do lugar de realización das probas de selección, así como da data e da hora en que estas terán lugar e un teléfono e/ou correo electrónico de contacto.

4. Da selección darase conta á oficina de emprego encargada da preselección do alumnado, con independencia do tipo de metodoloxía de selección empregado, coa finalidade de que o persoal técnico desa oficina ou do servizo periférico de que dependa poida validar a acta de selección no prazo máximo de cinco (5) días naturais desde a recepción do documento.

A validación da acta de selección supón un requisito previo e imprescindible para que poida comezar a acción formativa.

A comunicación á oficina de emprego deberá realizarse previamente á data de inicio do curso.

5. O alumnado que realizase unha acción formativa e teña dereito a diploma non poderá volver realizar outra acción formativa da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberá ser dado de baixa dela. Ademais, neste suposto o alumnado correspondente non terá dereito a percibir ningunha das bolsas e axudas que se financian no marco do procedemento TR301V.

Ao comezar cada acción formativa todo o alumnado será informado desta exigencia, a través dun medio escrito que deixe constancia da recepción da información.

#### Artigo 28. *Capacidade, incorporacións e suspensións*

1. Cada convocatoria establecerá o número máximo de participantes que poderá participar nunha acción formativa, así como o número mínimo de persoas alumnas necesarias para poder iniciar a acción formativa.

En ningún caso o número de alumnas e alumnos participantes nunha acción formativa poderá ser superior ao do alumnado orzado.

2. Para a regulación da capacidade nas actividades presenciais das accións formativas impartidas na modalidade mixta e de teleformación serán de aplicación os límites establecidos para a modalidade presencial.



3. De non se incorporar o alumnado seleccionado ou de se produciren baixas dentro do primeiro cuarto da acción formativa, poderán substituírse por novas persoas alumnas, sempre que, ao xuízo das persoas responsables da entidade de formación, as persoas que se incorporen poidan seguir as clases con aproveitamento, unha vez superadas as probas de nivel correspondentes, e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial.

Cada nova alta ou baixa de alumnado que se produza na acción formativa deberá ser actualizada no sistema informático SIFO no prazo de tres (3) días hábiles desde que esta teña lugar. Se a dita alta ou baixa corresponde a participantes desempregadas/os deberá, así mesmo, comunicarse á oficina de emprego correspondente no prazo máximo de tres (3) días hábiles desde que esta se produza.

De se produciren abandonos do alumnado, poderán incorporarse outros á formación en lugar daqueles, sempre que non se supere o 25 % da duración da acción formativa ou, no caso da teleformación, o 25 % dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe que se establezan no proxecto formativo. Cando se programen certificados de profesionalidade completos para impartir de forma modular, co fin de facilitar o acceso a cada un dos módulos que integran o certificado, poderanse incorporar persoas alumnas durante os primeiros cinco (5) días lectivos desde o inicio de cada un dos módulos programados, e sempre que no se supere o 25 % da súa duración.

Na modalidade de teleformación considerárase que unha persoa alumna abandonou a acción formativa se non accedeu á plataforma de teleformación dentro do período do 25 % desde o seu inicio.

En todo caso, tal como se establece no artigo 37.5 desta orde, de se produciren abandonos con posterioridade á impartición do 25 % das horas de formación, poderanse admitir desviacións por acción formativa de ata un 20 % do número de participantes que as iniciasen.

4. As accións formativas en que, malia o intento de completarse o número de persoas alumnas, diminúa o número de participantes ata un número inferior ao 50 % do número programado, exceptuadas as baixas que se produzan por colocación das persoas alumnas, poderán ser canceladas polo órgano competente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

No caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que será proposta polo Servizo de Formación



para o Emprego e Orientación e aprobada pola persoa titular da respectiva xefatura territorial competente, por delegación da persoa titular da Consellería.

*Artigo 29. Funcións das persoas titoras-formadoras que impartan formación na modalidade de teleformación*

1. Nas accións formativas para impartir na modalidade de teleformación deberá haber, como mínimo, unha persoa titora por cada oitenta (80) participantes cando a súa dedicación sexa de corenta (40) horas semanais. Para xornadas inferiores o tempo de dedicación da persoa titora reducirase proporcionalmente ao número máximo de persoas alumnas, de xeito que o mínimo de dedicación do titor equivalla a dez (10) horas semanais por cada vinte (20) alumnos/as, incluídas, de ser o caso, as titorías presenciais.

2. Para garantir o seguimento e a calidade da formación na modalidade de teleformación, a persoa titora deberá dedicar un mínimo de dez (10) horas semanais por cada vinte (20) persoas alumnas ou fracción na planificación da acción formativa. Para estes efectos, a plataforma de formación deberá levar rexistro de actividade das titorías realizadas e as consultas formuladas e respondidas, con indicación de accesos e horas de conexión.

3. Serán funcións das persoas titoras-formadoras as seguintes:

- Desenvolver o plan de acollida do alumnado do grupo de formación segundo as características específicas da acción formativa.
- Orientar e guiar o alumnado na realización das actividades, o uso dos materiais e a utilización das ferramentas da plataforma virtual de aprendizaxe.
- Fomentar a participación do alumnado propoñendo actividades e debates, e organizando tarefas individuais e en equipo.
- Realizar o seguimento e a valoración das actividades realizadas polas persoas participantes, resolvendo dúbidas e solucionando problemas e incidencias a través da plataforma virtual de aprendizaxe, axustándose á planificación prevista.
- Avaliar o alumnado de acordo cos criterios establecidos, así como participar na organización e no desenvolvemento das probas de avaliación que procedan.
- Participar en todas aquelas actividades que impliquen coordinación co resto do equipo responsable da organización, xestión e desenvolvemento das accións formativas.



4. As persoas titoras-formadoras atenderán ás peticións e dúbidas do alumnado e realizarán a actividade tutorial a través das ferramentas de comunicación da plataforma (vide-conferencia, chat, foro e similares).

De toda esta actividade deberá quedar rexistro na plataforma para a súa comprobación por parte dos órganos de control e seguimento.

5. Unha persoa titora non poderá compaxinar as funcións de tutoría para accións formativas ou grupos que teñan horarios de tutoría parcial ou totalmente coincidentes.

### Artigo 30. *Módulos formativos transversais*

1. As entidades de formación estarán obrigadas, en todas as accións formativas subvencionadas ao abeiro desta orde, á impartición do módulo transversal denominado Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero (FCOO03), de dez horas de duración, das cales cando menos dúas horas deberán referirse á igualdade de xénero, vinculada coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica.

Así mesmo, as entidades deberán impartir obrigatoriamente un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de tres (3) horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas (FCOXXX23), e de oito (8) horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas (FCOXXX24).

De conformidade co establecido no artigo 26 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, a formación en materia de igualdade consecuencia da impartición, segundo o caso, dos módulos FCOO03 e FCOXXX23, ou FCOO03 e FCOXXX24, incluírá obrigatoriamente un mínimo de cinco (5) horas (2+3) naquelas accións formativas en que se impartan especialidades formativas de duración menor ou igual a cincuenta horas, e un mínimo de dez (10) horas (2+8) para aquelas especialidades que superen a dita duración.

2. Será obrigatorio o curso básico de prevención de riscos laborais de sesenta (60) horas naquelas especialidades formativas para as cales así se determine no anexo IV.

A superación da formación impartida no módulo de Prevención de riscos laborais garantirá o nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en



prevención de riscos laborais, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro (RSP). Esta formación impartiraa persoal cualificado e co contido mínimo do programa de formación establecido no anexo IV do RSP.

Naqueles sectores ou actividades en que o seu respectivo convenio colectivo regule a formación en prevención de riscos laborais de nivel básico, deberá impartirse de acordo co indicado nel.

3. Excepcionalmente, ademais dos módulos transversais sinalados nos puntos primeiro e segundo, as entidades poderán solicitar a impartición dun módulo de formación complementaria de entre os que a seguir se especifican, sempre que a súa impartición estea xustificada polo contido da especialidade formativa solicitada. A súa impartición será autorizada ou denegada na resolución de concesión da subvención:

Código	Denominación	Horas
FCOXXX02	Creación de empresas	20
FCOI01	Alfabetización informática: a internet	10
FCOI02	Alfabetización informática: informática e a internet	25
FCOM01	Manipulador de alimentos	10
FCOA03	Ambiente na agricultura	25
FCOXXX03	Habilidades comunicativas en galego para o mundo laboral	20

4. A documentación de referencia dos ditos módulos poderase consultar na epígrafe de módulos transversais da páxina web:

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/modulos-transversais>

5. As entidades de formación, no momento de presentaren a solicitude de accións formativas para impartir, deberán indicar os módulos formativos transversais que se van incluír en cada unha delas.

6. O alumnado que, segundo conste na aplicación informática SIFO, xa cursase o módulo transversal incluído na acción formativa en que estea a participar, non o poderá realizar de novo.

No suposto de que non exista constancia na aplicación informática SIFO da súa realización, deberá xustificar a través da dita aplicación a súa realización para os efectos de non o volver a cursar.



7. O alumnado que xustifique documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de prevención de riscos laborais de 60 horas, do diploma de técnico intermedio ou superior de Riscos Laborais, estará exento de realizar o módulo transversal de Prevención de riscos laborais.

8. A impartición dos módulos formativos transversais poderá realizarse en calquera momento dentro do intervalo de datas da acción formativa.

Non se poderá simultanear a impartición dos contidos específicos dos módulos transversais cos contidos propios do programa formativo da especialidade. Neste sentido, os módulos transversais poderán desenvolverse tanto ao inicio coma ao remate da acción formativa ou, así mesmo, no período que vai desde o remate dun módulo formativo ata o comezo do seguinte.

9. Independentemente da modalidade de impartición en que se desenvolva a parte específica da acción formativa, os módulos transversais poderán impartirse na modalidade de teleformación.

Para poderen impartir os módulos complementarios relacionados no número 3 deste artigo, as entidades deberán estar homologadas para impartir a especialidade formativa na modalidade, presencial ou de teleformación, en que esta se vaia desenvolver.

#### Artigo 31. *Seguimento e control das accións formativas*

1. Para verificaren o cumprimento do disposto nesta orde, as xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade aplicarán un sistema de seguimento e control do desenvolvemento da acción formativa que poderá implicar, entre outras actuacións, visitas presenciais para aqueles cursos que se realicen total ou parcialmente na modalidade presencial.

Durante as visitas poderáselles solicitar ás entidades as evidencias físicas relativas á actividade formativa que se consideren oportunas, recoller testemuños do alumnado sobre o desenvolvemento da acción formativa e tomar imaxes fotográficas do material, equipamento e instalacións necesarias para impartir a formación.

De ser o caso, as citadas actuacións de seguimento e control poderán ser realizadas por unha entidade, pública ou privada, se así se lle encomenda a través do instrumento xurídico correspondente.



2. Nas accións formativas que se impartirán na modalidade de teleformación ou na parte de teleformación da modalidade mixta, o seguimento poderá implicar o acceso á correspondente plataforma informática para verificar a evolución do desenvolvemento da actividade formativa a través do uso de claves de acceso con perfil de administrador/a, titor/a-formador/a ou alumno/a que, para tales efectos, deberá facilitar a entidade beneficiaria.

Sen prexuízo do disposto no artigo 36.8 desta orde, e para os efectos de realizar as consultas e comprobacións que se consideren pertinentes, a plataforma de teleformación deberá estar operativa e accesible para a Administración ata o remate da fase de liquidación de cada acción formativa.

Se así se determina, este seguimento poderá complementarse con chamadas telefónicas mediante mostraxe que se realizará ás persoas participantes na actividade e, de ser o caso, visitas de seguimento ás sesións presenciais.

3. Cando a acción formativa se desenvolva a través de aula virtual, poderán efectuarse conexións durante o tempo de impartición da formación por parte dos órganos de control para os efectos de realizaren aquelas actuacións de seguimento que procedan. O persoal de seguimento poderá solicitar a desconexión do persoal docente e do persoal da entidade beneficiaria para os efectos de efectuar consultas co alumnado.

De acordo co disposto no artigo 24.6 desta orde, todas as persoas participantes deberán dispor de micrófono e cámara web e a cámara deberá estar acesa e en uso durante todo o tempo de duración das sesións formativas. O incumprimento desta obriga dará lugar, para a sesión en que tivo lugar o incumprimento e salvo incidencia técnica debidamente notificada, á consideración de que a persoa que incumpre non asistiu á actividade formativa.

Durante o tempo de conexión, o persoal de seguimento deberá ter contacto visual e sonoro coas persoas participantes e poderá interactuar co persoal formador e co alumnado mediante chat ou facendo uso de calquera outra ferramenta que proporcione o campus.

Nas sesións formativas impartidas mediante aula virtual poderán realizarse visionamentos e cruzamentos de datos que permitan comprobar a exactitude e correspondencia entre os datos do rexistro de actividade que para cada persoa alumna consten no campus virtual e a información mecanizada polas entidades beneficiarias en Cobipe. De existiren discrepancias entre ambas as fontes de datos, consideraranse correctos, para efectos do cómputo de horas de presenza do alumnado, os que teñan a súa orixe na información proporcionada polo campus virtual. Teranse como non realizadas as sesións que incumpran



a obriga da súa gravación na nube no caso de que, de acordo co disposto no artigo 24.6 desta orde, unha instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación estableza a dita obriga.

4. As entidades impartidoras deberán pór á disposición das xefaturas territoriais ou, de ser o caso, da entidade pública ou privada que corresponda, xunto co resto da documentación exixida nesta orde e utilizando para tales efectos o aplicativo informático SIFO, a folia de control de asistencia debidamente asinada polas persoas técnicas de seguimento que efectúen visitas presenciais de seguimento da actividade.

No caso de que non coincida a folia de control de asistencia que conste en poder das persoas técnicas coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

5. As persoas encargadas do seguimento e control verificarán a realización da actividade e realizarán as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta realización da acción formativa, de maneira que a entidade beneficiaria deberá colaborar con estas actuacións de xeito dilixente e achegar, para tal efecto, tanta documentación sexa requirida.

6. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non poidan ser emendadas no prazo concedido para o efecto e que impidan o normal desenvolvemento da actividade ou incidan negativamente na súa calidade docente, poderá procederse á súa cancelación logo de resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

### Artigo 32. *Prácticas non laborais en empresas*

1. Naquelas accións formativas en que se impartan especialidades formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade e nas cales se programen todos os módulos formativos do certificado, deberase incluír obrigatoriamente o módulo de prácticas non laborais en empresas.

Non se poderá impartir o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas se non vai asociado a ningún outro módulo formativo da especialidade.

No suposto de que soamente se programe algún dos módulos formativos dun certificado de profesionalidade, o alumnado non poderá realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas se previamente non superou o resto de módulos do dito certificado.





2. As prácticas incluídas no programa formativo poderán desenvolverse en centros de traballo cuxa actividade estea vencellada ás ditas accións formativas, logo de subscrición dun acordo entre a empresa e a entidade de formación, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración. O acordo deberá ser posto en coñecemento da persoa que realiza as prácticas e especificará os seguintes puntos:

- O seu contido.
- A súa duración, lugar de realización e horario.
- O sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.

Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento da acción formativa en que están incluídas.

Poderanse realizar en calquera especialidade e a súa externalización terá carácter voluntario para as entidades impartidoras e obrigatorio para o alumnado no caso de que a entidade opte pola súa realización.

A impartición do módulo de formación práctica en centros de traballo axustarase aos requisitos establecidos no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, na Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, e ao estipulado no real decreto regulador de cada certificado de profesionalidade.

3. O módulo de formación práctica en centros de traballo realizarase preferentemente unha vez realizados o resto dos módulos formativos do certificado de profesionalidade.

Logo de autorización da xefatura territorial competente, unha vez acreditada pola entidade de formación tanto a viabilidade da súa impartición simultánea como que a normativa específica do sector o permite, poderá desenvolverse simultaneamente coa impartición dos outros módulos formativos. A suma das horas diarias correspondentes ao módulo formativo e as relativas ás prácticas non laborais non poderá ser superior a 8 horas diarias e 40 semanais.

Estarán exentas de realizar este módulo as persoas alumnas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 26 da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, e no artigo 5.bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.



4. O módulo de formación práctica en centros de traballo deberá iniciarse como mais tardar nun prazo non superior a catro (4) meses naturais desde a finalización do último módulo formativo. Para determinados certificados de profesionalidade que, pola súa natureza, presenten dificultades para o cumprimento do dito prazo, poderáselle solicitar á xefatura territorial competente unha autorización para a súa ampliación.

As prácticas non laborais deberán realizarse dentro do prazo de execución da acción formativa.

5. Con dez días hábiles de antelación ao da data prevista para a realización das prácticas, o centro impartidor presentará a correspondente comunicación á xefatura territorial competente, a través do aplicativo SIFO, á cal deberá xuntar a seguinte documentación:

a) Convenio ou acordo suscrito coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas, con indicación das tarefas que se van desenvolver.

b) Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación das prácticas non laborais.

c) Datas, lugar de realización, horario e duración.

d) Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes do alumnado que cubra os riscos da acción formativa. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerese estritamente durante o período de duración das prácticas.

e) Documento que acredite a contratación, por parte da entidade impartidora, dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas. Non se admitirán pólizas con franquías.

f) Declaración responsable da persoa representante legal en que se indique:

- Que se dispón de comunicación previa ou licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, na súa falta, que faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas.

- Que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.



6. A entidade beneficiaria deberá introducir no SIFO os datos relativos ao alumnado que realice as prácticas.

7. As empresas onde teñan lugar as prácticas deberán reunir os requisitos establecidos no programa da especialidade da cal se van realizar as prácticas.

8. A duración das prácticas non pode exceder en ningún caso a duración da parte práctica que se fixa no programa formativo e estas non poderán rematar con posterioridade á finalización da actividade formativa.

9. A realización das prácticas non implica relación laboral coa empresa nin supón compensación económica ás persoas participantes pola súa formación práctica, salvo no previsto sobre bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.

10. Antes do comezo das prácticas, a entidade beneficiaria da subvención porá en coñecemento da Inspección de Traballo unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, os nomes da empresa ou empresas en que terán lugar, así como as localidades, datas e horario de realización.

11. As empresas en que se realicen as prácticas comunicaranlles ás/aos representantes legais das persoas traballadoras na empresa unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, as datas e o horario de realización.

12. A persoa titora deste módulo será a designada pola entidade de formación entre as persoas formadoras ou titoras-formadoras que impartan os módulos formativos do certificado de profesionalidade correspondente.

A persoa titora do módulo de formación práctica en centros de traballo será responsable de acordar coa persoa titora designada pola empresa o programa formativo deste módulo.

Para establecer o programa formativo consideraranse as capacidades, criterios de avaliación e contidos establecidos para este módulo no certificado de profesionalidade. O dito programa debe incluír criterios para a avaliación, observables e medibles, e recoller, polo menos, a información que se indica no anexo VIII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.



O seguimento e a avaliación do alumnado realizaranos conxuntamente a persoa titora da entidade de formación e a persoa titora designada pola empresa, e reflectiranse documentalmente para os efectos da certificación da formación.

13. O alumnado que supere o módulo de prácticas recibirá unha certificación asinada pola persoa titora da entidade, a persoa titora designada pola empresa e a persoa responsable da empresa, segundo o modelo que figura no anexo IX da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

14. Unha vez comunicadas as prácticas, os centros e as entidades deberán comunicar á xefatura territorial competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

### Artigo 33. *Diplomas*

1. Rematada unha acción formativa, dados de alta en SIFO os resultados individuais obtidos polo alumnado, e logo de solicitude da entidade autorizada, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade emitirá os correspondentes diplomas de acordo cos criterios establecidos nesta orde.

A solicitude dos diplomas, que se realizará no prazo máximo dun mes desde o remate da acción formativa a través do sistema informático SIFO, incluírá unha declaración da entidade solicitante de que lle requiriu a cada persoa alumna a acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso establecidos no programa formativo.

2. Para ter dereito a diploma, o alumnado deberá cumprir os requisitos de acceso exixidos para asistir á acción formativa e rematar o curso con aproveitamento e avaliación positiva cumprindo as seguintes condicións:

a) Modalidade presencial: superar e asistir ao 75 % de cada un dos módulos que integran a acción formativa, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente.

No caso de especialidades, vinculadas a certificados de profesionalidade, esta porcentaxe non afectará o alumnado que curse unha ou máis unidades formativas soltas integrantes dun módulo formativo destinado á obtención dun certificado de profesionalidade, sempre que estea exento da realización das unidades formativas ás cales non asistan por telas xa cursadas, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.



Con carácter xeral, a asistencia para poder presentarse ás probas de avaliación será a establecida no artigo 18 da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro. Excepcionalmente, e por causa de ausencia debidamente xustificada e documentada, a xefatura territorial competente poderá considerar que finalizaron a formación as persoas participantes cuxa asistencia sexa, cando menos, dun 65 % e superasen con avaliación positiva todos os módulos que compoñen a acción formativa.

b) Modalidade mixta: ademais de cumprirse os criterios anteriores en relación coas horas presenciais, deberá realizar en prazo e superar con aproveitamento, de acordo cos criterios de avaliación establecidos e cuantificados para cada actividade, a totalidade dos controis programados para a parte específica das horas impartidas por teleformación así como, de ser o caso, o exame final de avaliación presencial.

No caso de que o número de sesións presenciais sexa menor de catro (4), a porcentaxe de asistencia obrigada reducirase ao 66 % se hai tres (3) sesións, ou ao 50 % se hai dúas (2). En todo caso, nunha acción formativa mixta o alumnado deberá asistir, polo menos, a unha sesión presencial.

c) Modalidade de teleformación: realizar en prazo e superar con aproveitamento, de acordo cos criterios de avaliación establecidos e cuantificados para cada actividade, a totalidade dos controis programados para a parte específica das horas impartidas por teleformación, así como, de ser o caso, o exame final de avaliación presencial.

Para os efectos do dereito a diploma, as porcentaxes do aproveitamento non precisarán computar, para o seu cálculo, as horas dos módulos transversais.

2. A Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación determinará o modelo do diploma que se vai entregar no cal, en todo caso, deberá constar:

- a) Nome, apelidos e DNI da alumna ou do alumno.
- b) A denominación da acción formativa.
- c) As horas de impartición, con especificación das horas presenciais e/ou de teleformación.
- d) O lugar e as datas de realización.
- e) O programa da acción formativa.



f) Os logotipos da Consellería da Xunta de Galicia e dos organismos que financien as accións formativas.

g) Os módulos de formación transversal impartidos, con indicación da súa duración en horas, no caso de se ter realizado.

3. O alumnado que non teña dereito a diploma recibirá, se a solicita, unha certificación polas horas asistidas e os módulos transversais que superase.

4. Efectuaranse en soporte electrónico tanto a emisión dos diplomas como, de ser o caso, a expedición de certificados polas horas e módulos realizados.

#### Artigo 34. *Avaliación da calidade das accións formativas*

1. As entidades beneficiarias responsables da execución dos programas de formación realizarán e presentarán coa xustificación da subvención, a través do aplicativo SIFO, un informe final de avaliación da calidade da acción formativa, desagregada, de ser o caso, por grupos.

2. Así mesmo, deberán facer un seguimento continuo que permita a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plans de mellora, detectando debilidades que poidan ser emendadas dentro do período de realización da acción formativa, e quedando reflectidas na memoria final as actuacións levadas a cabo para tal fin.

En todas estas intervencións deberá quedar constancia, de ser o caso, da mostra representativa sobre a cal se realizaron as actuacións.

3. As entidades de formación deberán realizar o seguimento da participación do alumnado, da súa aprendizaxe e avaliación. Da dita actividade darán conta na memoria final de avaliación, que incluírá obrigatoriamente información dos seguintes criterios e indicadores básicos:

- Número total de cuestionarios de avaliación de satisfacción de calidade cubertos polo alumnado, e porcentaxe respecto ao número total de persoas participantes.

- Número total de cuestionarios de avaliación de satisfacción de calidade cubertos polo alumnado, e porcentaxe respecto do total de persoas participantes finalizadas.



- Resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado: número e porcentaxe de aptos e non aptos sobre o total de persoas participantes formadas.

- Resultados doutras actuacións de avaliación desenvolvidas no programa de formación.

Os indicadores relacionados neste punto deberán estar desagregados, de ser o caso, por acción formativa e grupo.

4. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade velará pola calidade da formación profesional para o emprego, e as entidades e centros de formación colaborarán na avaliación da formación que executen, seguindo as instrucións que para tal fin poderá ditar a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, nas cales concretará os criterios e posibles indicadores da avaliación e o tamaño da mostra representativa.

## CAPÍTULO VI

### **Pagamento, xustificación e reintegros**

#### *Artigo 35. Pagamento da subvención*

1. Ditada e notificada a resolución de concesión, as entidades, unha vez que conste a aceptación tácita ou expresa da subvención, poderán solicitar, nos termos do disposto no artigo 6.6 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, ata o 25 % do total do importe concedido para cada acción formativa en concepto de anticipo con carácter previo ao comezo da actividade formativa.

As entidades beneficiarias, unha vez acreditado o inicio da acción formativa, poderán solicitar o pagamento dun segundo anticipo do 35 %, calculado sobre o importe global concedido para a acción formativa a que se refira.

No caso de non existir a solicitude de anticipo do 25 % previa ao comezo da acción formativa, unha vez acreditado o inicio da acción formativa poderase solicitar de maneira conxunta un anticipo de ata o máximo do 60 % do importe concedido para ela.

O cálculo do importe dos referidos anticipos poderá calcularse sobre a base do importe concedido para o total do programa ou proxecto formativo, entendido este como o conxunto das accións formativas obxecto da subvención, se así o solicita a entidade beneficiaria.



Así mesmo, entenderase por inicio da actividade formativa o comezo da execución da primeira acción formativa subvencionada.

Os anticipos deberán solicitarse a través do aplicativo informático SIFO.

2. Nos termos do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, os anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario e, polo tanto, o pagamento poderá ser dividido en dúas anualidades para respectar este límite, para o cal se adoptarán as correspondentes medidas de xestión orzamentaria que permitan a percepción do importe total do anticipo ou suma de anticipos a que se teña dereito.

O importe aboado como anticipo no ano inicial poderá ser inferior ao solicitado cando se considere, en función da data de inicio prevista ou efectiva, que o orzamento desta primeira anualidade é inferior ao establecido na resolución de concesión. Neste caso, a cantidade non aboada poderá ser aboada no exercicio seguinte tamén en concepto de anticipo.

3. Os pagamentos dos anticipos faranse efectivos no prazo máximo de tres (3) meses, contados desde a presentación polo beneficiario da documentación requirida para solicitar o dito anticipo.

4. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados ás persoas beneficiarias nos supostos previstos no parágrafo terceiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Conforme o previsto no artigo 65.4, sobre réxime xeral de garantías, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, as entidades locais e institucións sen ánimo de lucro están exoneradas de constituír garantía para a percepción dos anticipos.

Así mesmo, en aplicación do artigo 67.4 do citado Decreto 11/2009, sobre a obriga de constituír garantías en pagamentos anticipados e á conta, as entidades con ánimo de lucro quedan exentas da obriga de constituír garantías para a percepción dos anticipos.

6. O resto do importe concedido farase efectivo, unha vez finalizada a acción formativa subvencionada e logo de xustificación da súa realización, de acordo co disposto no artigo 36 desta orde.





O prazo máximo para realizar o pagamento a que se refire este punto será de seis meses, computable desde a data de presentación da solicitude na xefatura territorial competente, acompañada da documentación precisa para a verificación da realización da acción formativa.

### Artigo 36. *Xustificación da subvención*

1. As entidades beneficiarias quedarán obrigadas a xustificar a realización da actividade formativa subvencionada, o destino dos fondos recibidos e o cumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da subvención.

De acordo co disposto no artigo 14.3 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable estean relacionados coa actividade obxecto da subvención, resulten estritamente necesarios para a súa execución e fosen contraídos durante o período de execución establecido para a realización da actividade obxecto da axuda. Só se considerarán gastos subvencionables os contraídos a partir da concesión da subvención. Sen prexuízo do anterior, poderanse imputar como gastos subvencionables os custos indirectos correspondentes á elaboración e presentación do programa de formación desde a data de publicación da respectiva convocatoria, e os de elaboración e presentación da xustificación da subvención recibida ata o momento da súa presentación.

2. A xustificación da subvención deberá realizarse dentro do prazo dun mes desde o remate da acción formativa.

A dita xustificación deberá realizarse a través da aplicación informática SIFO.

3. Para os efectos de comprobación por parte da xefatura territorial competente, a entidade de formación deberá presentar a seguinte documentación:

I. Memoria de actuación xustificativa, asinada pola persoa responsable da entidade beneficiaria, do cumprimento das condicións e obrigas impostas na resolución de concesión da subvención e na normativa de aplicación, con indicación das actividades realizadas, o programa completo da formación impartida, con detalle da planificación temporal e do profesorado que o impartiu, os resultados obtidos e as competencias adquiridas polo alumnado ao remate da formación.

A memoria incluirá a certificación de execución e finalización da acción formativa e, de ser o caso, dos diferentes grupos en que se desagrega, con indicación dos distintos colec-



tivos de persoas participantes axustados aos compromisos asumidos pola entidade, aos topes porcentuais, de ser o caso, e demais criterios establecidos nesta orde.

Así mesmo, deberá incluír a relación das actuacións de avaliación e seguimento do alumnado desenvolvidas, con indicación das probas e controis realizados, e a acta asinada das avaliacións efectuadas cos resultados obtidos.

Ademais da achega documental da acta, os resultados das probas e controis de aprendizaxe deberán estar mecanizados no aplicativo SIFO.

Igualmente, formará parte desta memoria a documentación que a seguir se relaciona:

- Cuestionarios realizados polo alumnado durante a realización da actividade formativa.
- Informe de avaliación e control da calidade da acción formativa, e documentación relativa ás actuacións de avaliación e control da calidade da formación levadas a cabo a que se refire o artigo 34 desta orde.

II. Memoria económica xustificativa do custo das actividades formativas, asinada pola persoa responsable da entidade beneficiaria, que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Cadro resumo por acción formativa e, de ser o caso, grupo de cada persoa alumna, que inclúa o número de horas lectivas efectivamente realizadas, o número de horas relativas ás faltas de asistencia debidamente xustificadas e o número de horas relativas ás faltas de asistencia sen xustificar e dentro dos límites establecidos no artigo 22.

Na información deberá identificarse o alumnado segundo a categoría de participante, formado e aprobado, definida de acordo co seguinte criterio:

- Alumnado participante. Persoas alumnas que inician a acción formativa. Inclúense nesta epígrafe aquelas persoas que se incorporen á acción formativa con posterioridade ao seu inicio e de conformidade co disposto no artigo 28 desta orde.
- Alumnado formado. Persoas participantes que, na modalidade presencial, cumpriron cos requisitos de asistencia presencial do 75 % da acción formativa ou que, na modalidade de teleformación, realizaron cando menos o 75 % dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe que se establezan no programa formativo, con independencia das horas de conexión e, de ser o caso, asistiron ás sesións presenciais de asistencia obrigada establecidas na orde.



- Alumnado aprobado. Persoas participantes que superan a acción formativa coa consideración de aptas.

Incluiranse neste punto aquelas alumnas e alumnos cuxa asistencia a unha acción formativa impartida na modalidade presencial sexa, cando menos, dun 65 %, superasen con avaliación positiva todos os módulos formativos e que, excepcionalmente, e por causa de ausencia debidamente xustificada e documentada, a xefatura territorial competente considere que finalizaron a formación.

Cada persoa alumna identificarase cun único perfil dos citados. Neste sentido, sobreenténdese que o alumnado aprobado cumpre cos requisitos descritos para o alumnado participante e formado, e que o alumnado formado é, pola súa vez, participante.

De ser o caso, documentación explicativa dos abandonos producidos. Para os casos que a seguir se citan, e para os efectos da liquidación da subvención a que fai referencia o artigo 37.2, deberá achegarse a documentación que se relaciona:

- Nos supostos de abandono por colocación, deberá achegarse a documentación xustificativa da colocación.

- Nos casos de baixa por enfermidade ou accidente acreditado, sempre que en calquera dos supostos relacionados as persoas afectadas realizasen un mínimo do 10 % da acción formativa, documentación xustificativa desta circunstancia.

b) Cálculo da contía global da subvención xustificada que corresponda en aplicación dos módulos económicos establecidos e os criterios previstos nesta orde.

No caso de que fose concedida unha subvención complementaria para custos derivados da adaptación da acción formativa para a participación de persoas con discapacidade, deberá engadirse o cálculo correspondente ao financiamento adicional recoñecido.

De ser o caso, as entidades deberán solicitar expresamente, xunto coa presentación da xustificación de realización da actividade subvencionada, a aplicación da garantía de percepción do mínimo do 75 % do importe inicialmente concedido á que fai referencia o artigo 37.9 desta orde. Esta solicitude deberá ir xunto cunha certificación asinada co importe do gastos reais efectuados pola entidade.

Así mesmo, e para os efectos de verificación do cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei de subvencións de Galicia, deberán conservar, nos termos e prazos establecidos no



número 8 deste artigo, os xustificantes de gastos e de aplicación dos fondos recibidos para a realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención.

c) No caso de oporse á consulta por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou no suposto de non prestar o consentimento a que se refire o artigo 9 desta orde, deberán presentar certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e de que están ao día no pagamento de obrigas por reintegro, de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A obriga de achegar un certificado de cumprimento das obrigas sinaladas no parágrafo anterior poderá substituírse, para os casos que se recollen no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por unha declaración responsable da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, ás distintas administracións públicas competentes ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia.

e) Declaración responsable de que todos os gastos realizados con cargo á subvención se encontran debidamente contabilizados e foron efectivamente pagados con anterioridade á presentación da xustificación, incluíndo a totalidade dos salarios e/ou facturas do persoal vencellado á docencia, con indicación expresa de que os importes aboados cumpren coa normativa vixente, así como, de ser o caso, cos convenios colectivos que sexan de aplicación.

f) Na modalidade presencial ou na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, no caso de se ter producido incidencias no sistema de control biométrico de asistencia debidamente acreditadas perante o equipo de soporte, partes diarios de asistencia no modelo xerado pola aplicación SIFO, asinados polo alumnado participante e o persoal formador ao inicio e ao final de cada xornada, así como da persoa responsable da entidade beneficiaria. Nos ditos partes deberanse identificar de maneira veraz as persoas



participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas, reflectindo expresamente o número de horas e minutos de ausencia.

g) Nos cursos que se impartan na modalidade de teleformación ou na parte de teleformación da modalidade mixta, e naqueles casos en que a formación se desenvolva mediante aula virtual, documentación acreditativa da participación do alumnado e do persoal docente de acordo co disposto no artigo 21.10 desta orde.

h) De ser o caso, declaración responsable debidamente asinada do cumprimento do compromiso de participación na acción formativa de colectivos considerados prioritarios. A declaración deberá especificar a relación de persoas que son colectivo prioritario, con indicación, de acordo co disposto no artigo 14.1.g) desta orde, do colectivo concreto ao que pertence cada unha delas.

i) De ser o caso, declaración responsable, debidamente asinada, do cumprimento do compromiso de que o 100 % das persoas participantes na acción formativa son persoas con discapacidade, con indicación do número total de persoas participantes na actividade, o número de persoas alumnas que incumpren o dito requisito e a relación nominativa do alumnado que non teña acreditada discapacidade.

j) Relación nominal, con nóminas ou facturas xustificantes do pagamento, do cadro de persoal vinculado á docencia que participou nas accións formativas, con indicación expresa de se se trata de persoal asalariado mediante contrato mercantil, persoa socia da beneficiaria, persoa autónoma ou persoal interno da entidade formadora, contratado para a formación.

Incluiranse nesta relación as persoas formadoras, persoas titoras-formadoras internas e externas, así como o persoal que, non tendo o carácter de persoa formadora ou titora-formadora da acción formativa, realizou tarefas relacionadas directamente co seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado.

k) Inventario do material entregado ao alumnado, que inclúa a sinatura de recepción individualizada.

4. Se, como resultado da comprobación técnico-económica da documentación, a unidade administrativa competente comproba que o importe liquidable da acción formativa foi inferior á subvención concedida, aboarase unicamente o importe efectivamente xustificado.



5. Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen que esta se presentase ante a xefatura territorial competente, requirirase a entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días. A falla de presentación da xustificación, transcorrido este novo prazo, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención e/ou ao inicio do procedemento de reintegro, de ser o caso.

Se a documentación presentada é insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, poranse en coñecemento da persoa beneficiaria as insuficiencias observadas para que no prazo de dez días sexan emendadas.

6. Se, como resultado das comprobacións realizadas, se determina que se incumpriron, total o parcialmente, requisitos establecidos na normativa aplicable para a xustificación da subvención ou os fins para os cales esta se concedeu, comunicaraselle tal circunstancia á persoa interesada, xunto cos resultados da comprobación técnico-económica, e iniciárase o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención e/ou, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

7. No caso de concesión de anticipos, os gastos realizados con cargo a estes estarán suxeitos ao disposto no artigo 35 desta orde.

Así mesmo, para a determinación da liquidación final teranse en conta, de ser o caso, as minoracións que correspondan como consecuencia do incumprimento dos compromisos asumidos que deron lugar á puntuación da valoración técnica.

No caso de que a liquidación efectuada sexa inferior á cantidade anticipada, tramitarase o correspondente expediente de reintegro.

8. O beneficiario da subvención estará obrigado a conservar, cando menos durante un prazo de catro (4) anos, considerando, se é o caso, a interrupción do prazo de prescrición do dereito da administración a recoñecer ou liquidar o reintegro da subvención concedida, os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos, para efectos das actuacións de comprobación e control. O dito prazo computarase a partir do momento en que remate o período establecido para presentar a citada xustificación por parte do beneficiario.

As entidades que, sen ter transcorrido o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitirle copia da citada documentación ao órgano competente, sen prexuízo da obriga de presentar a documentación xustificativa da subvención.



Inclúese neste punto a obriga de manter a adecuada pista de auditoría a que se refire o artigo 21.18 desta orde.

9. A aplicación da xustificación a través dos módulos económicos non exime as entidades beneficiarias do deber de cumprir a lexislación vixente en materia financeira, fiscal, contable e laboral, especialmente no referente á contabilidade dos gastos, aboamento de salarios ao persoal, ingresos das cotizacións á Seguridade Social, facturación e subcontratación.

#### Artigo 37. *Liquidación da subvención*

1. A liquidación das axudas realizarase en función das persoas participantes que realizen as accións formativas, atendendo ás horas lectivas ou aos controis periódicos realizados segundo a modalidade de impartición, e de acordo cos módulos económicos establecidos.

En ningún caso a liquidación resultante poderá superar a contía da subvención concedida.

Para determinar o número de horas computables, unicamente se terán en conta as efectivamente realizadas polo alumnado e que consten debidamente acreditadas a través dos diferentes medios de control de asistencia admitidos establecidos nesta orde. No caso de existir discrepancia entre as acreditacións achegadas, utilizarase para a determinación do custo o número de horas que resulte inferior.

Na modalidade presencial ou na parte presencial das modalidades de teleformación ou mixta, á suma das horas computables indicadas no parágrafo anterior sumaranse as faltas de asistencia xustificadas ata un máximo do 25 % do total de horas da acción formativa non conducente á obtención de certificado de profesionalidade, ou do 25 % de calquera dos módulos formativos que integran as accións formativas conducentes á obtención dos ditos certificados.

A xustificación das ausencias deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo. Para estes efectos, consideraranse xustificadas as ausencias relacionadas no artigo 22.6.b) desta orde.

Para os efectos de cómputo do referido 25 % do total de horas da acción formativa, teranse en conta para o cálculo da subvención as faltas de asistencia sen xustificar que se produzan dentro dos límites establecidos no artigo 22 desta orde.



2. Nas accións presenciais, para os efectos de determinar a subvención unha vez executada a formación, considerarase que unha persoa rematou a formación cando asistise, polo menos, ao 75 % do tempo de impartición da acción formativa, incluídas, de ser o caso, as prácticas non laborais.

Excepcionalmente, e por causa de ausencia debidamente xustificada e documentada, a xefatura territorial poderá considerar que finalizaron a formación as persoas participantes cuxa asistencia sexa, cando menos, dun 65 % e superasen con avaliación positiva todos os módulos que compoñen a acción formativa.

Nas accións formativas impartidas mediante a modalidade de teleformación considerarase, para efectos de determinación da subvención, que remataron a acción formativa aquelas persoas que realizen, cando menos, o 75 % dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe que se establezan no programa formativo con independencia das horas de conexión e que, de ser o caso, asistisen ás sesións presenciais de asistencia obrigada, incluídas as prácticas non laborais.

No caso de que unha persoa alumna non poida asistir a algunha titoría presencial de carácter obrigatorio establecida no programa da especialidade formativa que se vai impartir, a dita titoría poderá impartirse, con anterioridade á data de remate da acción formativa, nunha segunda ocasión sempre que resulte acreditado que a ausencia da persoa interesada se deba a algunha das causas xustificadas establecidas no artigo 22.6.b) desta orde.

Para acadar as porcentaxes establecidas neste punto, non se terán en conta as horas relativas aos módulos transversais, ben que serán computables para o cálculo do custo subvencionable.

No caso de accións formativas moduladas, o 75 % de horas lectivas necesarias calcularase para cada alumno ou alumna sobre cada un dos módulos en que participe, e considerarase computables unicamente aqueles en que se acade a dita porcentaxe, coa excepción do alumnado que estea exento da realización dunha ou máis unidades formativas en que se divida un módulo formativo para a obtención dun certificado de profesionalidade, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Neste último caso, só se terán en conta, para o seu aboamento, as horas efectivamente realizadas por este alumnado.

No suposto de persoas traballadoras desempregadas, considerarase que remataron a acción formativa as que tivesen que abandonala por acceder a un emprego. Así mesmo te-





rán esta consideración aquelas persoas participantes que causasen baixa por enfermidade ou accidente acreditado, sempre que en calquera dos supostos relacionados realizasen un mínimo do 10 % da acción formativa de acordo cos criterios establecidos neste punto para cada modalidade.

Nas accións formativas en que a beneficiaria asumise o compromiso de que o 100 % das alumnas e alumnos participantes son persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial acreditada, non será subvencionable o alumnado que non cumpra este requisito.

Coa excepción do indicado no parágrafo anterior, para efectos do cálculo da liquidación, sempre que un alumno ou alumna, de acordo cos criterios establecidos no artigo 33 desta orde, teña dereito a diploma, será subvencionable.

3. Para os efectos da determinación do módulo económico que se vai aplicar, a impartición da formación que se realice mediante aula virtual terá a consideración de presencial.

4. No caso de accións formativas que teñan un mínimo dunha persoa alumna con certificación de discapacidade, e logo de solicitude expresa da entidade beneficiaria, poderase incrementar o importe da subvención inicialmente aprobado sempre que se xustifique adecuadamente e que se destine exclusivamente á contratación do apoio necesario para a axeitada participación na acción formativa das persoas con discapacidade.

A memoria explicativa das necesidades que cómpre cubrir deberá presentarse unha vez realizada a selección do alumnado e no prazo máximo de quince (15) días naturais desde a incorporación á acción formativa da persoa con discapacidade.

Para o financiamento destes custos adicionais ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados polos conceptos de persoal de apoio e adaptación curricular ou do material didáctico. O importe adicional calcularase en función do custo unitario por cada hora lectiva da acción formativa en que deba participar a persoa ou persoas con discapacidade, independentemente do número de persoas alumnas con discapacidade.

Para os custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade, cada convocatoria establecerá un custo unitario por hora lectiva.

5. De se produciren abandonos que dean lugar a baixas non computables nin xustificadas, con posterioridade á impartición do 25 % das horas de formación, poderase admitir unha desviación do 20 % con respecto ao número de participantes que comezasen as



accións formativas, excluídos aqueles que incumpriron os requisitos e as condicións da convocatoria, nos termos sinalados polo artigo 11.3 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, de maneira que eses abandonos se teñan en conta para o cálculo do custo subvencionable, co límite desa desviación e co mesmo criterio que se se tratase dun abandono por colocación.

6. Para os efectos do cálculo da liquidación, non se terán en conta aquelas persoas participantes que tiveron que abandonar a formación por incumprimento das condicións da convocatoria ou por non cumpriren os requisitos exixidos para poder participar na acción formativa.

7. O cálculo da liquidación realizarase multiplicando o módulo económico da especialidade aplicable segundo a modalidade de impartición, presencial ou teleformación, polo número de persoas alumnas computables e polas horas de formación computables de cada persoa alumna.

Na modalidade mixta, a liquidación realizarase nos termos establecidos no parágrafo anterior aplicando o módulo económico correspondente á modalidade presencial ou de teleformación e na parte correspondente a cada unha delas.

8. Consonte o previsto no artigo 17 da Lei de subvencións de Galicia, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Segundo o previsto no artigo 29 da dita lei e no artigo 42 do seu regulamento, na xestión da subvención deberase ter en conta que se consideran gastos subvencionables os realizados no prazo establecido polas convocatorias, e considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma acción formativa, procedentes de calquera persoa, Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

9. Sen prexuízo do disposto no artigo 38 desta orde, sobre incumprimento de obrigas e reintegro, no momento da liquidación garantírase, por solicitude da entidade, a percepción dun mínimo do 75 % do importe inicialmente concedido por cada acción formativa impar-



tida, se esta remata cun número de persoas alumnas equivalente, cando menos, ao 50 % do número de prazas inicialmente programadas.

A aplicación desta garantía está condicionada ao disposto no número 8 deste artigo.

Para os efectos de aplicar este punto, e de acordo co criterio e cos requisitos establecidos no artigo 37.2 desta orde, terá a consideración de alumnado finalizado aquel que abandonou a acción formativa durante a súa impartición por acceder a un emprego, así como as persoas participantes que causaron baixa por enfermidade ou accidente acreditado e sempre que, para calquera dos supostos citados, a persoa alumna realizase un mínimo do 10 % da acción formativa.

### Artigo 38. *Incumprimento de obrigas e reintegro*

1. O incumprimento das obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e co artigo 16 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, o importe da perda do dereito ao cobramento da subvención ou do reintegro determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

#### I. Supostos de incumprimento total:

a) Polo incumprimento, de acordo co disposto no artigo 33.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención, falseando estas ou ocultando aquelas que a impedisen: perda ou reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

b) Polo feito de non realizar a actividade obxecto de subvención ou polo incumprimento total dos fins que a fundamentan: perda ou reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

c) Polo incumprimento das obrigas de presentación de documentación exixida para a xustificación da subvención: no caso de que non se presente ningunha documentación, procederase á perda ou ao reintegro do 100 % da subvención.



d) Polo incumprimento da obriga de comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade: reintegro total da axuda percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a beneficiaria.

e) Igualmente, de acordo co disposto no artigo 16.2.a) da Orde EFP/942/2022, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 25 % dos seus obxectivos, medidos co indicador do número de horas de formación multiplicado polo número de alumnas e alumnos finalizados.

Para estes efectos, incluíranse tamén as horas de ausencia que resulten computables por falta xustificada ou por colocación, así como no caso de alumnas e alumnos que cursen unha ou máis unidades formativas soltas integrantes dun módulo formativo destinado á obtención dun certificado de profesionalidade, sempre que estean exentas/os da realización desas unidades formativas por telas xa cursados, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

f) Pola ausencia dunha pista de auditoría: perda do 100 % da subvención outorgada.

## II. Supostos de incumprimento parcial:

a) O incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano que concede a subvención a solicitude doutras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, dará lugar á perda ou reintegro do 2 % do gasto total subvencionado.

b) O mantemento dunha pista de auditoría insuficiente dará lugar á perda ou reintegro do 2 % do gasto total subvencionado.

c) O incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de conta separada ou dunha codificación contable adecuada establecida dará lugar á perda ou reintegro do 2 % do gasto total subvencionado.

d) O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida.

De acordo co disposto no artigo 16.2.b) da Orde EFP/942/2022, cando a execución do indicador mencionado no número 2.1.e) deste artigo estea comprendida entre o 25 % e



o 100 %, a subvención concedida minorarase na porcentaxe que se deixase de cumprir, sempre que os gastos sexan debidamente xustificadas.

e) O incumprimento das obrigas en materia de publicidade, información e comunicación establecidas nesta orde e pola normativa aplicable dará lugar á perda ou reintegro do 2 % sobre a subvención xustificada aceptada para a acción formativa en que se incumpriu a obriga.

f) O incumprimento da obriga de aboar mensualmente e mediante transferencia bancaria o importe das retribucións das persoas docentes ou formadoras dará lugar, o primeiro mes, á perda ou reintegro do 5 % da axuda total xustificada aceptada, correspondente a esa mensuralidade e acción formativa concreta.

De se repetir esta situación noutras mensuralidades, esta porcentaxe incrementarase nun 2 % por cada mes.

Non se aplicará a penalidade cando o incumprimento non sexa imputable á entidade beneficiaria, circunstancia que se acreditará documentalmente e que será valorada pola xefatura territorial competente.

g) No caso de impartir formación a alumnos ou alumnas que non cumpren os requisitos necesarios para o acceso á formación, minorarase a subvención na parte correspondente aos ditos alumnos e alumnas.

h) No suposto de demoras ou falta de presentación en prazo da documentación exigida no artigo 19 desta orde, aplicarase unha minoración gradual en virtude do grao de incumprimento, que non poderá superar o 5 % sobre a subvención xustificada aceptada para a acción formativa en que se incumpriu a obriga.

Para os efectos de determinar o grao de incumprimento, teranse en consideración o tempo de demora e, de ser o caso, os grupos da acción formativa para os cales non se realizou en prazo a presentación da documentación.

i) De ser o caso, o incumprimento do compromiso adquirido de participación de colectivos considerados prioritarios no programa de formación ao que se refire o artigo 14.1.g) desta orde dará lugar a unha perda ou reintegro da subvención xustificada aceptada para a acción formativa en que se incumpriu o compromiso, de ata un máximo do 5 %.



A porcentaxe de minoración determinarase en función da diferenza de puntos obtidos na avaliación técnica da acción formativa, en función do compromiso asumido na solicitude, en relación cos puntos que corresponderían con base na porcentaxe de participación real na acción formativa de colectivos considerados prioritarios, e de acordo co criterio de aplicar un 1 % de porcentaxe de minoración por cada punto de diferenza existente.

j) De ser o caso, o incumprimento do compromiso do emprego do idioma galego ou da subministración ao alumnado dos contidos didácticos en lingua galega, a que se refire o artigo 14.1.j) desta orde, dará lugar ao reintegro do 2 % da subvención xustificada e aceptada para a acción formativa en que se incumpriu o compromiso.

k) No suposto de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 21 aplicarase, naqueles supostos non regulados expresamente nas anteriores epígrafes deste artigo, unha minoración gradual en virtude do grao de incumprimento, que non poderá superar o 10 % da subvención xustificada e aceptada para a acción formativa en que se incumpriu a obriga.

#### Artigo 39. *Infraccións e sancións*

1. Conforme o previsto no artigo 19 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, o réxime de infraccións e sancións aplicables no ámbito da formación profesional para o emprego será o regulado polo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

No non previsto no réxime de infraccións e sancións establecido no parágrafo anterior, observarase o contido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e comportarán as sancións que en cada caso correspondan de acordo coa normativa vixente.

3. As sancións impostas polas infraccións graves e moi graves en materia de formación profesional para o emprego que dean lugar a que a subvención sexa declarada indebida polo órgano concedente, unha vez firmes, incluíranse na Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

4. A obriga de reintegro establecida no artigo 38 desta orde entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de concorreren as accións e omisións tipificadas na dita lei.



**Artigo 40. Devolución voluntaria das subvencións**

1. A acreditación de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, de ser o caso, terá a consideración de devolución voluntaria, de acordo co establecido no artigo 90 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta IBAN ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

O importe da devolución incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da beneficiaria.

O ingreso realizarase segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación.

3. En todo caso, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

**CAPÍTULO VII****Primeira convocatoria****Artigo 41. Financiamento**

1. Destínase a esta primeira convocatoria un crédito por importe total de 70.024.608,00 €, distribuído en dúas anualidades, que se imputarán con cargo ás aplicacións orzamentarias que a seguir se relacionan, ou aquelas que as substitúan de conformidade coa normativa orzamentaria aplicable, con código de proxecto 2021 00149:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Importe total
11.50.323A.460.1	3.047.305,00 €	2.152.744,00 €	5.200.049,00 €
11.50.323A.471.0	30.476.472,00 €	19.406.960,00 €	49.883.432,00 €
11.50.323A.481.0	9.500.831,00 €	5.440.296,00 €	14.941.127,00 €
Total	43.024.608,00 €	27.000.000,00 €	70.024.608,00 €



2. En cada unha das provincias galegas a repartición dos anteditos importes por aplicación orzamentaria e anualidade realizarase en atención ás seguintes porcentaxes:

Provincia	Porcentaxe
A Coruña	33 %
Lugo	17 %
Ourense	17 %
Pontevedra	33 %

3. Os créditos orzamentarios a que se refire este artigo poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación para o emprego.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Calquera modificación ou ampliación dos créditos dispoñibles estará condicionada ao cumprimento dos supostos e das condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Poderán ser obxecto de financiamento aquelas especialidades formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade e aquelas relativas a competencias clave que se determinen no anexo IV desta convocatoria, así como os módulos transversais que se impartan asociados a estas.

Na modalidade presencial, o módulo económico €/hora por persoa alumna aplicable a esta convocatoria de subvencións será o establecido, para cada especialidade formativa, no anexo IV. Nas especialidades formativas impartidas na modalidade de teleformación será de aplicación o 70 % do importe do módulo económico presencial €/hora por persoa alumna, cunha contía máxima de 6 €.

Para os custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade establécese un custo unitario de 16 € por hora lectiva.

5. O módulo de prácticas non laborais en empresas das accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade financiarase, de acordo co disposto no ar-





tigo 21.3 e no anexo III da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, con 3 € por alumna ou alumno e hora de prácticas efectivamente titorizadas, que se destinarán ao financiamento dos custos da actividade da titorización das prácticas, así como ao custo da subscrición dunha póliza colectiva de accidentes de traballo e de responsabilidade civil.

Excluíranse deste cómputo as horas correspondentes ás prácticas non realizadas polas persoas participantes exentas.

#### Artigo 42. *Reservas de crédito*

1. Do crédito destinado á execución da convocatoria reservaranse as seguintes porcentaxes por aplicación orzamentaria para o financiamento das seguintes accións formativas:

a) Para accións formativas dirixidas a impartir competencias clave: 10 %.

b) Para accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 1: 30 %.

c) Para accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 2: 30 %.

d) Para accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade de calquera nivel: 30 %.

2. Se, unha vez concedidas as subvencións que correspondan para as accións formativas descritas nos números 1.a), 1.b) e 1.c), resultan remanentes nas reservas de crédito establecidas, as contías sobrantes incorporaranse ao orzamento dispoñible para a letra d).

3. No caso de que, unha vez resolta a convocatoria, teña lugar unha ampliación do crédito dispoñible, este destinarase unicamente a financiar especialidades conducentes á obtención de certificados de profesionalidade.

Para estes efectos, manteranse as porcentaxes e o destino do crédito establecido nos números 1.b) e 1.c) deste artigo e incrementárase ata o 40 % a porcentaxe correspondente ao número 1.d).

#### Artigo 43. *Solicitudes e prazos de presentación da primeira convocatoria*

1. A presentación das solicitudes deberá axustarse ao disposto nos artigos 6, 7 e 8 desta orde de bases.



2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día da entrada en vigor da orde, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda.

Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

*Artigo 44. Máximo e mínimo de participantes nas accións formativas*

1. O número máximo de participantes en cursos que se impartan na modalidade presencial será de quince (15) persoas por acción formativa, e non se poderá iniciar a acción formativa se non se reúne un mínimo de dez (10) persoas alumnas o primeiro día.

Este número mínimo de persoas requiridas para o inicio da acción formativa presencial será de oito (8) nos seguintes casos:

- Accións formativas en que, con base no compromiso de participación a que se obrigou a entidade na súa solicitude, o 100 % do alumnado sexan persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente.

- Accións formativas en que as actividades presenciais teñan lugar en zonas pouco poboadas (ZPP), segundo a clasificación establecida polo Instituto Galego de Estatística, definidas como grupos de áreas locais (AL) que non pertencen a zonas densamente poboadas (ZDP) ou zonas intermedias (ZIP).

As persoas que estean exentas de realizar o primeiro módulo formativo e figuren incluídas na relación nominal do alumnado seleccionado a que se refire o artigo 19.2.a) desta orde computarán como participantes da acción formativa.

As accións formativas para impartir na modalidade presencial non se poderán desagregar en grupos.

2. Na formación que se imparta na modalidade de teleformación ou mixta o número máximo de participantes será de trinta (30) persoas por acción formativa. Para os efectos de cumprir os requisitos de capacidade das actividades presenciais previstas, a acción formativa poderá desagregarse en grupos que deberán cumprir os requisitos de capacidade establecidos para este tipo de actividades.



Non se poderá iniciar ningunha acción formativa ou, de ser o caso, grupo, que non reúna os requisitos de capacidade e conte co mínimo de participantes por grupo establecidos no número 1 deste artigo. A acreditación da existencia deste número mínimo de persoas alumnas realizarase polo acceso á plataforma de teleformación das persoas participantes durante os cinco (5) primeiros días de impartición da actividade.

3. No suposto de que unha acción formativa ou un grupo dunha acción formativa inicie con menos de quince (15) persoas alumnas ou cun número de persoas participantes inferior ao autorizado na resolución de subvención, poderá completarse este, dentro do primeiro cuarto da acción formativa, ata acadar a cifra máxima permitida.

*Artigo 45. Límites e criterios de aplicación para a resolución da convocatoria*

1. En cada unha das comarcas para as cales existan solicitudes e que, de establecerse, superen o mínimo de puntuación fixado, adxudicarase, cando menos, unha acción formativa dirixida a impartir competencias clave e outra referida a unha especialidade conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que se corresponderán con aquelas que obteñan maior puntuación en cada unha das tipoloxías citadas.

2. Un censo de formación non poderá ser beneficiario dunha subvención que supere o 3,5 % do crédito orzamentario global dispoñible para a provincia en que imparta a formación.

3. O número máximo de accións formativas dunha determinada especialidade formativa concreta que se poderá impartir nunha comarca será dous (2). Este límite incrementarase ata as tres (3) edicións naquelas comarcas en que, con data do 1 de xaneiro de 2022, a súa poboación fose superior aos 75.000 habitantes.

Nas provincias da Coruña e Pontevedra, cando a especialidade formativa que se vai impartir teña o carácter de prioritaria, os límites citados no anterior parágrafo incrementarase ata as catro (4) edicións dunha mesma especialidade formativa se a poboación da comarca é superior a 75.000 habitantes, respectivamente.

Para estes efectos, as comarcas cuxa cifra de poboación supera os 75.000 habitantes son as seguintes: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo. Esta información pode consultarse na seguinte páxina web do Instituto Galego de Estatística:

<https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002003003&c=-1&ruta=verEjes.jsp?COD=589&M=2&S=&RET=>



Este límite de edicións non será de aplicación cando se trate de competencias clave.

4. No procedemento de adxudicación das accións formativas non se concederán especialidades formativas dunha mesma familia profesional por riba, no seu conxunto, do 15 % do importe global que se subvenciona en cada provincia.

5. Cando a subvención concedida ás solicitudes presentadas non esgote o orzamento previsto da convocatoria, non serán de aplicación os límites establecidos nos anteriores puntos deste artigo de acordo co seguinte criterio ordenado de supresión deles:

1º) Eliminación do límite de especialidades formativas dunha mesma familia profesional.

2º) Eliminación do límite de especialidades formativas por comarca.

3º) Eliminación do límite de subvención por censo.

6. Só poderán ser obxecto de financiamento aquelas solicitudes que obteñan unha puntuación mínima igual ou superior a quince (15) puntos na valoración técnica.

#### Artigo 46. *Prazos de execución das accións formativas da primeira convocatoria*

As accións formativas correspondentes á primeira convocatoria non poderán comezar antes do 1 de agosto de 2023, polo que non se admitirá ningunha solicitude que formule datas anteriores.

A data límite para o remate das accións formativas que se desenvolvan exclusivamente durante a anualidade 2023 será o 20 de decembro de 2023.

Para as accións formativas que se desenvolvan durante as anualidades 2023 e 2024, ou exclusivamente durante a anualidade 2024, a data límite para a súa finalización será o 30 de setembro de 2024.

Non poderá comezar ningunha acción formativa sen a validación previa, a través da aplicación informática SIFO, do cumprimento de requisitos e condicións exixidos para o seu inicio por parte de persoal técnico da unidade administrativa competente.



**Artigo 47. Prazos de xustificación das accións formativas da primeira convocatoria**

1. Consonte o disposto no artigo 36 desta orde, a xustificación das accións formativas deberá realizarse a través da aplicación informática SIFO no prazo máximo dun mes desde o remate da acción formativa e de acordo cos seguintes criterios:

a) Nas accións formativas que rematen ata o 30 de novembro de 2023, a data límite para a presentación da xustificación final será o 15 de decembro de 2023.

b) Nas accións formativas que rematen despois do 30 de novembro de 2023, a data límite para a presentación da xustificación final será o 31 de outubro de 2024.

2. Se a documentación presentada for insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación porá en coñecemento da entidade beneficiaria afectada as insuficiencias detectadas para a súa emenda no prazo de dez (10) días hábiles.

3. No caso de concesión de anticipos, os gastos realizados con cargo a eles deberán referirse á anualidade orzamentaria para a cal foron concedidos, e deberán xustificarse na data límite do 31 de marzo de 2024, para o caso de anticipos concedidos con cargo a 2023, e do 31 de outubro de 2024, para o caso de anticipos concedidos con cargo a 2024.

**Artigo 48. Anexos**

Son anexos desta orde os seguintes:

- Anexo I: procedemento de selección das accións formativas beneficiarias da subvención.

- Anexo II: modelo de solicitude.

- Anexo III: ficha da acción formativa.

- Anexo IV: relación de especialidades formativas que poden ser obxecto de subvención na convocatoria, con indicación das que teñen a consideración de prioritarias a nivel Galicia ou a nivel comarca, do importe dos módulos económicos por hora e alumno/a, e da obriga, de ser o caso, de impartir o módulo transversal de Prevención de riscos laborais.



**Disposición adicional primeira. *Resolucións adicionais***

Poderán ditarse resolucións adicionais cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, da asignación ou redistribución de fondos ou de incrementos das cantidades asignadas á Comunidade Autónoma pola Administración do Estado.

Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non se poderán ter en conta outras solicitudes nin outras inscricións distintas das tidas en conta para a resolución inicial, e as novas concesións de subvencións outorgaranse de acordo coa prelación determinada pola puntuación obtida na avaliación técnica e os límites e criterios específicos establecidos na orde de bases e convocatoria.

**Disposición adicional segunda. *Modificación da resolución en caso de alteración das condicións***

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea, ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión e ao reintegro da subvención percibida.

**Disposición adicional terceira. *Delegación de atribucións***

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, para tramitar e resolver os expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade nas persoas titulares das xefaturas territoriais provinciais da Consellería, no ámbito das súas respectivas competencias, para resolver a concesión, denegación, modificación e reintegro das subvencións, así como para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

**Disposición adicional cuarta. *Normativa de aplicación supletoria***

En todo o non disposto nesta orde será de aplicación o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se



aproba o Regulamento da Lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no que sexa de aplicación, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, e, en todas aquelas disposicións que non se opoñan á citada lei orgánica, no disposto na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, que a desenvolve. Será tamén de aplicación a Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do sistema de formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen as bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento.

Disposición adicional quinta. *Información sobre a xestión de subvencións*

